

OS DEREITOS DA INFANCIA EN GALICIA

PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA



OS DEREITOS DA INFANCIA EN GALICIA

PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA

Agradecementos:

A elaboración deste informe foi posible grazas á colaboración e ao compromiso das entidades membro da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia. O seu coñecemento, experiencia directa no territorio e a información facilitada foron fundamentais para construír esta análise sobre a realidade da infancia en Galicia.

Coordinación: Inés Salteiro

Elaborado por: Sara Gestal, Carla Rodríguez, Inés Salteiro, José Ángel Tarrío

Maquetación: Teófilo Comunicación | www.teofilocomunicacion.com

Depósito legal: C 1012-2026

XUÑO 2026





ÍNDICE

Introdución	11
1. Políticas públicas de infancia: marco xurídico e estratexias de coordinación en Galicia	17
1.1. Marco internacional e estatal da infancia	19
1.2. Marco xurídico e institucional da infancia en Galicia	21
2. Protección, benestar e garantías de dereitos da infancia en Galicia	25
2.1. Violencia contra a infancia	27
2.1.1. Contornas seguras para a erradicación da violencia	28
2.1.2. Harmonización entre a lexislación autonómica e a estatal	29
2.1.3. Mecanismos de detección, axuda e atención fronte á violencia contra a infancia	30
2.1.4. Abordaxe intersectorial das experiencias adversas na infancia	32
2.2. Os desafíos da era dixital aos que se enfronta a adolescencia	34
2.2.1. Padróns de uso das novas tecnoloxías	34
2.2.2. Papel da familia e dos centros educativos	36
2.2.3. Condutas adictivas	37
2.3. O sistema de protección en Galicia: un modelo en transición cara á garantía de dereitos	38
2.3.1. Limitacións e necesidades do sistema galego de protección	38
2.3.2. O horizonte da prevención especializada: programas de preservación familiar	40
2.3.3. Cara á priorización do acollemento familiar como medida preferente de protección	40
2.3.4. Adopción como medida que garanta o interese superior da infancia	41
2.3.5. O acollemento residencial como contorna especializada e medida de atención integral	42
2.3.6. O dereito a un proxecto de vida: a etapa de acompañamento na transición á vida adulta	44
3. Análise da pobreza e a carencia material na infancia galega	47
3.1. Escenario e evolución de pobreza infantil	50
3.2. Os desafíos das familias monoparentais desde unha vulnerabilidade estrutural	51
3.3. A Garantía Infantil Europea como instrumento de política pública	53
4. Saúde mental na infancia e adolescencia: cara a un modelo de atención preventivo e multidisciplinar	55
4.1. Necesidades, diagnóstico e resposta institucional	57
4.2. Casos agudos en poboación menor de idade	60
4.3. Ferramentas de prevención e apoio	61



5. Desafíos na atención temperá en Galicia: diagnóstico de cobertura e atención	65
5.1. Contexto estatal da atención temperá e desigualdades territoriais	67
5.2. Modelo de financiamento: limitacións actuais e necesidades de cambio	68
5.3. Avances e compromisos institucionais	69
6. Cara á equidade real: diversidade e inclusión da infancia en Galicia	73
6.1. Romper as barreiras para a inclusión total desde un enfoque de infancia con discapacidade	75
6.2. Fendas que persisten na infancia e adolescencia xitana	78
6.3. Desafíos de cobertura, fenda dixital e despoboamento da infancia do rural	80
6.3.1. Atención á infancia no rural	81
6.3.2. Fenda dixital na infancia e adolescencia rural	82
6.4. LGTBIQ+: diversidade e protección fronte á discriminación e o odio	84
6.4.1. Formación en diversidade	85
6.4.2. Violencia LGTBIfóbica	85
6.4.3. Contornas educativas, redes sociais e necesidades de protección	87
6.5. Dereitos da infancia migrante non acompañada: o reto da acollida, a solidariedade e o interese superior da infancia	87
6.5.1. Contexto da chegada e acollida de nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados	89
6.5.2. Modelos de acollida de nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados	90
6.5.3. Deficiencias no sistema de protección	92
7. O dereito á educación e a equidade nos espazos educativos	95
7.1. Escolarización 0-3 anos	97
7.2. Abandono escolar	98
7.3. Investimento en educación	100
7.4. Máis alá das aulas: o valor da educación non formal en Galicia	101
8. Participación infantil: a infancia como suxeito activo de dereitos	105
8.1. Avances e limitacións no ámbito autonómico	107
8.2. Coñecemento da participación infantil	108
8.3. Impacto e cobertura limitada no ámbito local	109
Conclusión	113
Propostas	119
Referencias bibliográficas	129





ACRÓNIMOS

ACNUR — Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados
AGARESO — Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social
ANAR — Fundación ANAR (Axuda a Nenos e Adolescentes en Risco)
AROE — Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (At Risk of Poverty or Social Exclusion)
CAIA — Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia
CMS — Carencia material severa
EAI — Experiencias Adversas na Infancia
EAPN — Rede Europea de Loita contra a Pobreza (European Anti-Poverty Network)
ESO — Educación Secundaria Obligatoria
FEGAMP — Federación Galega de Municipios e Provincias
FSE+ — Fondo Social Europeo Plus
FTTH — Fibra óptica ata o fogar (Fiber to the Home)
GAT — Federación Estatal de Asociacións de Profesionais de Atención Temprá
IMV — Ingreso Mínimo Vital
INE — Instituto Nacional de Estatística
iCmedia — Federación de Asociacións de Consumidores e Usuarios dos Medios
LGTBIQ+ — Lesbianas, gais, trans, bisexuais, intersexuais e queer
LOPVI — Lei Orgánica de Protección Integral á Infancia e á Adolescencia fronte á Violencia
NIE – Número de identidade de estranxeiro
NNA — Nenas, nenos e adolescentes
NNAMNA — Nenas, nenos e adolescentes migrantes non acompañados
OGFI — Observatorio Galego de Familia e Infancia
OMS — Organización Mundial da Saúde
ONU — Organización das Nacións Unidas
OSIMGA — Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia
PMSS — Privación material e social severa
POIG — Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia
RISGA — Renda de Inclusión Social de Galicia
RUMI — Rexistro Unificado de Maltrato Infantil
SERGAS — Servizo Galego de Saúde
UNESCO — Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura
UNICEF — Fondo das Nacións Unidas para a Infancia
USM I-X — Unidades de Saúde Mental Infanto-Xuvenil



INTRODUCCIÓN



A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG) é unha asociación de persoas xurídicas que ten como finalidade asegurar e promover o benestar da infancia, así como denunciar as situacións que vulneren a mesma. Os seus obxectivos céntranse en protexer, defender e promover os dereitos fundamentais da infancia que se recollen na Convención sobre Dereitos do Neno de 1989.

Neste contexto, considérase necesario elaborar un informe que reflicta a situación actual dos dereitos das persoas menores de idade en Galicia co obxectivo de mellorar as súas condicións de vida e promover o cumprimento pleno dos seus dereitos. Neste sentido, en 2026, mantense o compromiso de abordar cuestións clave como a pobreza, a violencia, a desigualdade e as dificultades que sofren nenas, nenos e adolescentes (en diante NNA) para desenvolver optimamente a súa vida.

Datos como que España presenta en 2025 un 34,6 % de NNA en situación de risco de pobreza ou exclusión social evidencian a magnitude do problema e a necesidade de analizar que medidas están a funcionar e cales deben reforzarse desde as administracións, as organizacións e a sociedade. Nos últimos anos desenvóléronse diversas políticas públicas orientadas á mellora das condicións de vida de NNA. Este informe ten como finalidade analizar estes avances e contrastalos coa realidade actual, tendo en conta a súa complexidade multidimensional, achegándonos así a unha posible xeración de transformacións duradeiras e non asistenciais. Sendo un dos principais obxectivos da POIG a garantía dos dereitos da infancia, neste informe identifícanse as cuestións que requiren unha atención inmediata e as liñas que orientan as actuacións.

Neste marco, identifícanse as principais problemáticas que afectan á infancia galega valorando a resposta institucional e social ante as mesmas. Para iso, emprégase unha metodoloxía mixta que combina a análise de indicadores estatísticos coa revisión documental de fontes secundarias, así como da lexislación europea, estatal e autonómica. A través da súa traxectoria e do coñecemento acumulado polas entidades que a integran, a POIG sitúase como un actor clave para identificar necesidades emerxentes, interpretar a realidade da infancia galega e formular propostas de mellora das políticas públicas.



A redacción deste informe baséase nun Enfoque de Dereitos da Infancia, o cal resulta un marco conceptual idóneo para a promoción, protección e salvaguarda dos dereitos das NNA en todos os procesos que lles afectan. Desta forma, obsérvaselles como titulares de dereitos e non só como obxecto de protección. E, nesta liña, expóñense outros enfoques transversais que adiantan os principios da propia plataforma. O enfoque de xénero, o cal supón ter sempre presente a promoción da igualdade, transversalizando así esta perspectiva en toda actuación. O enfoque de discapacidade que permite analizar e enfrontar as desigualdades desde a diversidade funcional, priorizando a eliminación de barreiras a través do principio da accesibilidade. E por último, o enfoque de interculturalidade, que recoñece a diversidade cultural, aportando valor á convivencia e á coexistencia.

En canto á estrutura, o documento expón unha coherente organización. En primeiro lugar, expónse un marco normativo que dá impulso ás propostas institucionais no ámbito da infancia en Galicia. Posteriormente, profundízase en cada unha das dimensións que poñen de manifesto, tanto cualitativa como cuantitativamente, a realidade que viven NNA. Deste xeito, abórdanse cuestións que van desde a pobreza ata a protección dixital, entre outras, recoñecendo a relación existente entre as distintas dimensións. Isto permite formular accións e análises de carácter transversal e multidisciplinar.

Finalmente, a pesar de enfrontarnos a un escenario complexo, resulta necesario poñer en evidencia as posibilidades que ofrece un sistema de servizos públicos consolidado, así como o papel das institucións e das organizacións sociais. Por iso, este informe péchase incidindo na importancia do investimento público no benestar das NNA, recoñecendo tamén a relevancia do capital humano e do tecido social como parte da transformación positiva da vida na infancia, incorporando un enfoque prospectivo que permita prever e previr posibles escenarios caracterizados pola dificultade e a vulnerabilidade.





1. POLÍTICAS PÚBLICAS DE INFANCIA: MARCO XURÍDICO E ESTRATEXIAS DE COORDINACIÓN EN GALICIA



O recoñecemento dos dereitos da infancia e da adolescencia esixe contar con marcos normativos sólidos, políticas públicas eficaces e mecanismos de coordinación capaces de garantir unha protección integral. A infancia non pode ser abordada unicamente desde respostas asistenciais ou sectoriais, senón como un ámbito central da acción pública, no que deben integrarse a prevención, a protección, a participación e a garantía efectiva de dereitos.

Neste contexto, o desenvolvemento das políticas públicas de infancia require unha lectura multinivel, que combine o marco internacional de dereitos, a normativa estatal e a capacidade das comunidades autónomas para adaptar e reforzar os seus sistemas de protección. No caso de Galicia, esta análise resulta especialmente relevante pola ausencia dunha lei autonómica específica e integral de infancia e adolescencia, así como pola necesidade de mellorar os mecanismos de coordinación institucional e de planificación pública.

1.1. Marco internacional e estatal dos dereitos da infancia

O punto de partida do recoñecemento contemporáneo dos dereitos da infancia sitúase na aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno¹, adoptada pola Organización das Nacións Unidas en 1989. Este texto establece a obriga dos Estados de garantir a protección efectiva dos NNA mediante leis, políticas públicas e medidas administrativas axeitadas. Entre os seus principios fundamentais destacan o interese superior do menor, o dereito á protección fronte a calquera forma de violencia, o dereito á participación e a non discriminación.

No contexto español, este compromiso internacional tradúcese nun desenvolvemento normativo multinivel, no que o Estado e as comunidades autónomas comparten competencias en materia de infancia e adolescencia. A lexislación estatal, especialmente a Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor², xunto coas súas reformas posteriores, constitúe o marco básico de referencia para a protección da infancia.

1. Naciones Unidas. (1989). *Convención sobre los Derechos del Niño*. Oficina del Alto Comisionado de las Naciones Unidas para los Derechos Humanos. <https://www.ohchr.org/es/instruments-mechanisms/instruments/convention-rights-child>

2. Xefatura do Estado. (1996). *Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de protección jurídica del menor, de modificación parcial del Código Civil y de la Ley de Enjuiciamiento Civil*. Boletín Oficial del Estado. <https://www.boe.es/buscar/pdf/1996/BOE-A-1996-1069-consolidado.pdf>



Porén, a existencia dun marco normativo estatal non garante por si soa unha resposta homoxénea e eficaz. A efectividade dos dereitos recoñecidos depende en boa medida da capacidade das administracións públicas para desenvolver políticas coordinadas, dotadas de recursos suficientes e adaptadas ás novas realidades sociais. Neste sentido, o Comité sobre os Dereitos do Neno da ONU en 2026³ sinalou a necesidade de reforzar os recursos humanos, técnicos e financeiros destinados á infancia, así como de mellorar a coordinación entre administracións para

garantir unha acción pública coherente e integrada.

As políticas públicas de infancia constitúen, polo tanto, o instrumento fundamental para facer efectivos os dereitos recoñecidos. A través delas artículanse medidas de prevención, protección, intervención ante situacións de risco ou desamparo, apoio ás familias, inclusión social, participación infantil e acceso equitativo aos recursos.

3.Comité de los Derechos del Niño. (2026). *Concluding observations on the seventh periodic report of Spain (CRC/C/ESP/CO/7)*. Naciones Unidas, Oficina del Alto Comisionado para los Derechos Humanos. https://tbinternet.ohchr.org/_layouts/15/treatybodyexternal/Download.aspx?symbolno=CRC%20C%20ESP%20CO%207&Lang=en

1.2. Marco xurídico e institucional da infancia en Galicia

No caso de Galicia, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia⁴, supuxo un primeiro avance ao introducir principios como o interese superior do menor e a integración sociofamiliar. Non obstante, non configura un sistema integral actualizado nin suficientemente adaptado aos retos actuais da infancia. Pola súa banda, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia⁵, constitúe unha peza clave do sistema de benestar, ao considerar a infancia como colectivo prioritario en situacións de risco. Con todo, mantén unha estrutura fragmentada que dificulta a claridade na aplicación de dereitos, procedementos e garantías.

Tamén debe sinalarse a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia⁶, que introduce medidas de apoio familiar, conciliación e coordinación interadministrativa. Porén, non desenvolve con suficiente precisión mecanismos xurídicos nin garantías específicas en materia de protección da infancia. Isto provoca que cuestións clave como a tutela, o acollemento ou a intervención en situacións de risco continúen dependendo, en boa medida, da normativa previa, circulares ou da lexislación estatal.

Neste contexto, a primeira **Lei galega de infancia e adolescencia**, actualmente en fase de tramitación⁷, representa unha **oportunidade fundamental** para superar a disper-

sión normativa e avanzar cara a un sistema de protección máis coordinado, integral e eficaz. Segundo a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia⁸, esta norma debería garantir unha protección homoxénea dos dereitos das NNA en todo o territorio galego, reforzando a prevención da pobreza infantil, a atención ás situacións de vulnerabilidade, a participación da infancia e a equidade territorial no acceso aos recursos.

“A futura Lei galega de infancia e adolescencia representa unha oportunidade clave para superar a dispersión normativa e avanzar cara a un sistema de protección máis coordinado e eficaz”

Ademais, o marco normativo galego amosa unha insuficiente capacidade de adaptación a novos riscos e realidades sociais, como a dixitalización, a saúde mental, as novas formas de violencia ou as situacións emerxentes de vulnerabilidade infantil. Estas cuestións foron abordadas en ocasións mediante plans ou normas sectoriais, pero non desde unha perspectiva integral de dereitos de infancia e adolescencia.

Para mellorar o deseño, a implementación e a avaliación das políticas públicas resulta tamén imprescindible **contar con información contrastada, desagregada e actualiza-**

4.Lei 3/1997, de 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia. (1997). *Boletín Oficial do Estado*, núm. 165, de 11 de xullo de 1997, pp. 21394-21407. <https://www.boe.es/eli/es-ga/l/1997/06/09/3>

5.Ley 13/2008, de 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia. (2009). *Boletín Oficial del Estado*, núm. 15, de 17 de enero de 2009. <https://www.boe.es/eli/es-ga/l/2008/12/03/13/con>

6.Xunta de Galicia. (2011). *Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia*. *Diario Oficial de Galicia*, núm. 134, do 13 de xullo de 2011. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110713/Anuncio-C3B0-050711-4044_gl.html

7.Xunta de Galicia. (2026). A Xunta inicia a tramitación do anteproxecto da primeira Lei galega de infancia e adolescencia. <https://www.xunta.gal>

8.Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia. (2022). *Razóns para unha lei de infancia en Galicia*. <https://infanciagalicia.org/razons-para-una-lei-de-infancia-en-galicia>



da. Dispoñer de datos por idade, territorio, xénero, situación socioeconómica ou outras variables permite identificar mellor as desigualdades e evitar políticas xeneralistas pouco adaptadas ás necesidades reais da infancia.

Finalmente, Galicia conta co Observatorio Galego da Familia e da Infancia (OGFI), creado polo Decreto 43/2019, do 11 de abril, con funcións de asesoramento, análise, investigación e elaboración de propostas en materia de políticas familiares e de infancia. Desde 2020 constitúe un espazo técnico de encontro entre administracións, universidade, FEGAMP, UNICEF e entidades sociais de infancia integradas mediante a POIG. Non

obstante, o seu funcionamento actual resulta insuficiente, xa que non se reúne coa periodicidade necesaria e a falta de seguimento, informes técnicos e temáticas de traballo impide abordar asuntos urxentes para a mellora do benestar infantil.

Por este motivo, resulta necesario dotar o Observatorio de maiores recursos técnicos e humanos, reforzando a súa capacidade de análise, asesoramento e proposta. A súa activación real permitiría mellorar a coordinación institucional e contribuír ao desenvolvemento dunha política pública de infancia máis planificada, preventiva e baseada en evidencias.





2. PROTECCIÓN, BENESTAR E GARANTÍAS DE DEREITOS DA INFANCIA EN GALICIA



A infancia é unha etapa de especial vulnerabilidade na que se configuran a personalidade, a saúde física e o equilibrio emocional. A protección eficaz implica protexer aos menores de calquera forma de violencia, abuso ou explotación, pero tamén garantir o acceso a recursos básicos que permitan o seu óptimo desenvolvemento.

O benestar integral de nenas, nenos e adolescentes enfronta hoxe unha encrucillada marcada pola necesidade de transformar estruturas tradicionais en mecanismos de protección activos, preventivos e adaptados á realidade social. Baixo o Enfoque de Dereitos da Infancia, este apartado analiza tres piares que condicionan o desenvolvemento vital da infancia galega: a erradicación da violencia, os desafíos da contorna dixital e a necesaria reforma do sistema de protección.

2.1. Violencia contra a infancia

A violencia contra a infancia constitúe unha vulneración grave dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes e require unha resposta pública integral, coordinada e sostida no tempo. España aprobou en 2021, de maneira pioneira en Europa, a recoñecida Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño de Protección Integral á Infancia e á Adolescencia fronte á Violencia⁹ (en diante LOPIVI), que significou un avance fundamental ao situar a prevención, a detección temperá, a intervención multidisciplinar e a creación de contornas seguras no centro das políticas de protección. Con todo, a súa aplicación efectiva esixe avanzar na harmonización normativa, na dotación de recursos e na implicación de todos os ámbitos que manteñen contacto coa infancia.

En Galicia, este reto require reforzar os mecanismos de detección, denuncia, axuda e atención, mellorar a difusión dos recursos existentes e impulsar modelos especializados como o *modelo Barnahus*, que eviten a revitimización e garantan unha atención adaptada ás necesidades dos NNA. Ao mesmo tempo, precísase incorporar unha mirada intersectorial sobre as experiencias adversas na infancia, reforzando o papel do sistema sanitario, educativo, social e xudicial para

9.España. (2021). *Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia*. Boletín Oficial del Estado, núm. 134. <https://www.boe.es/eli/es/lo/2021/06/04/8/con>



ofrecer respostas coordinadas, preventivas e centradas nos dereitos da infancia.


2.1.1. Harmonización entre a lexislación autonómica e a estatal

A LOPIVI obriga ás comunidades autónomas a desenvolver plans específicos para previr e atender a violencia contra a poboación menor de idade, crear equipos multidisciplinares para unha atención integral, garantir protección prioritaria ás vítimas, manter rexistros actualizados de casos e promover campañas de sensibilización e formación. Neste sentido, a LOPIVI constitúe unha folla de ruta para que as administracións públicas garantan a creación e mantemento de contornas seguras para a infancia.

A maiores, cómpre destacar a nivel estatal a aprobación do Real Decreto 422/2025¹⁰, que crea as Seccións de Violencia contra a Infancia e a Adolescencia nos Tribunais de Instancia, co obxectivo de garantir unha atención especializada ás vítimas menores de idade. A ausencia desta medida supoñía un incumprimento da disposición adicional vixésima da LOPIVI, que tamén obriga a reformar o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal para asegurar a especialización da fiscalía nesta materia.

Segundo UNICEF (2024)¹¹, España presenta unha elevada porcentaxe de menores de idade en risco de pobreza ou exclusión social, sendo o segundo país coa porcentaxe máis elevada, por detrás de Bulgaria. Unha situación que incrementa a vulnerabilidade

Figura 1. Porcentaxe de menores en risco de pobreza ou exclusión social na UE



Elaboración propia a partir de UNICEF Office of Research – Innocenti (2024) con datos de Eurostat (2024)

da infancia e pode agravar a exposición a distintas formas de violencia.

Tendo en conta estas cifras e o marco competencial existente, resulta imprescindible avanzar tamén no ámbito autonómico. Por este motivo, é primordial **adecuar a lexislación galega á LOPIVI, dotando á administración autonómica dos recursos necesarios para ofrecer respostas integrais e efectivas**. Neste sentido, desde a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, establécense diferentes protocolos operativos arredor das actuacións requiridas en materia de prevención, detección e abordaxe da violencia contra a infancia¹².

Adicionalmente, débese destacar o valor do traballo desenvolvido polas diferentes entidades e organizacións galegas para impulsar un enfoque de dereitos nas accións en materia de infancia, tanto no ámbito da incidencia política, como na creación de recursos de atención especializada ou na coordinación



entre servizos, administracións e outros actores en contacto cos NNA¹³.

2.1.2. Contornas seguras para a erradicación da violencia

Resulta necesario expor unha mirada global sobre a problemática da violencia contra a infancia. Segundo UNICEF¹⁴ (2022) a violencia condiciona o desenvolvemento vital pleno de ata 1.000 millóns de NNA en todo o

mundo. Este dato pon de manifesto a materia pendente dos Estados en relación coa Convención sobre os Dereitos do Neno, que establece no seu artigo 19 a súa responsabilidade de adoptar medidas para protexer á infancia dos múltiples tipos de violencia.

A LOPIVI supuxo un cambio de paradigma na protección da infancia en España a partir da formulación de diversas accións ao redor da prevención, detección e intervención multidisciplinar con respecto a esta problemática.

10. España. (2025, 3 de junio). *Real Decreto 422/2025, de 3 de junio, por el que se dotan nuevas plazas en Secciones de Violencia sobre la Mujer, se crean Secciones de Violencia contra la Infancia y la Adolescencia, y se amplía y modifica la plantilla orgánica del Ministerio Fiscal [RD 422/2025]*. Boletín Oficial del Estado, núm. 134. <https://www.boe.es/eli/es/rd/2025/06/03/422/dof/spa/pdf>

11. UNICEF. (2024). *Child poverty and social exclusion in Europe: Key data and trends*. UNICEF Office of Research – Innocenti. <https://www.unicef-irc.org>

12. Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude. (s. f.). *Protección de la infancia*. Xunta de Galicia. Recuperado el 6 de abril de 2026, de <https://politicassocial.xunta.gal/es/areas/familia-e-infancia/proteccion-de-la-infancia>

13. Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030. (2022). *Estrategia de erradicación de la violencia sobre la infancia y la adolescencia (2023-2030)*. Gobierno de España. https://www.juventudeinfancia.gob.es/sites/default/files/Estrategia_Erradicacion_Violencia_ContraInfancia.pdf

14. UNICEF España. (2022). *Ver para proteger: claves para comprender la violencia contra niños, niñas y adolescentes y para desarrollar medidas de protección eficaces* (PDF). <https://infanciayfamilias.castillalamancha.es/sites/default/files/2022-05/guia-ver-para-proteger.pdf>



Neste sentido, resulta fundamental **fomentar e apoiar o establecemento de estándares de protección infantil de carácter organizativo no seo das administracións públicas, centros educativos e entidades en contacto cos NNA**. A implantación de protocolos internos, códigos de conduta e sistemas de prevención e detección temperá constitúen un elemento clave para garantir contornas verdadeiramente seguras, reforzando a responsabilidade institucional máis alá do marco normativo.

Estes estándares deben estar dirixidos a protexer á infancia de xeito multidisciplinar. Para iso, é necesario ter en conta como inflúen variables como o xénero, a idade, a saúde ou a situación económica, xa que son factores determinantes no grao de vulnerabilidade de cada NNA.


“A creación de contornas seguras para a infancia require non só un marco normativo sólido, senón tamén a súa aplicación efectiva e coordinada entre todos os niveis institucionais”

2.1.3. Mecanismos de detección, axuda e atención fronte á violencia contra a infancia

Os mecanismos de detección e atención fronte á violencia exercida contra os NNA constitúen un elemento clave do sistema de protección, ao facilitar canles seguras de comunicación, denuncia e acompañamento. Entre estes recursos destaca o *Teléfono de Axuda á Infancia*, xestionado pola Fundación ANAR a nivel estatal.

No ano 2025¹⁵, este servizo recibiu un total de 252.561 peticións de axuda en todo o Estado (Fundación ANAR, 2026). Porén, só 2.502 chamadas procederon de Galicia, o que sitúa a comunidade como a segunda con menor volume de chamadas, unicamente por enriba da comunidade autónoma das Illas Baleares.

Figura 2. Chamadas ao Teléfono de Axuda á Infancia por 1.000 NNA nas comunidades autónomas



Elaboración propia a partir de datos do Informe Anual de Líneas de Ayuda ANAR (2026)

Se se analizan os datos en termos relativos, a liña de axuda á infancia rexistra unha media de 35,5 solicitudes por cada 1.000 NNA a nivel estatal, con importantes diferenzas territoriais. Galicia presenta unha ratio de 7,6 chamadas por cada 1.000 NNA, sendo Cataluña a única comunidade con valores inferiores. Estas cifras non deben interpretarse como indicadores dun menor nivel de violencia, senón baixo a posibilidade de que sexa un reflexo dun menor coñecemento do recurso por parte da infancia e das familias galegas, así como posibles barreiras de acceso ou confianza no servizo.

Neste sentido, **a difusión e visibilización destes mecanismos resulta determinante para a seguridade da infancia e adolescencia**.

“A baixa utilización dos mecanismos de axuda en Galicia non implica unha menor incidencia da violencia, senón posibles déficits de coñecemento, acceso ou confianza nos recursos dispoñibles”

O incremento das campañas de sensibilización, tanto sobre a problemática da violencia como sobre os recursos existentes de axuda e denuncia, constitúe unha acción prioritaria para garantir a protección efectiva dos NNA.


Xunto a estes mecanismos de axuda, resulta fundamental **avanzar na implantación de modelos de atención especializada como o Modelo Barnahus**¹⁶. Trátase de espazos deseñados especificamente para a **atención de NNA vítimas de violencia sexual**, nos que se prioriza o respecto ao seu testemuño e o seu benestar emocional.

O *Modelo Barnahus* baséase na **integración dos servizos xurídicos, sociais, sanitarios e psicolóxicos nun único espazo adaptado á infancia, co obxectivo de evitar a revictimización** derivada da repetición constante do relato dos feitos en distintos ámbitos institucionais e de **garantir a realización da proba preconstituída**. Aínda que conta cunha ampla implantación noutros países europeos, a súa introdución no Estado español continúa sendo parcial e desigual entre territorios, o que fai necesario impulsar a súa consolidación e extensión nas comunidades autónomas, garantindo unha resposta coordinada, especializada e **centrada no interese superior da persoa menor de idade**.

Durante o ano 2024 atendéronse 4.181 casos de violencia que afectaban á infancia e

adolescencia, dos cales 582 correspondían a violencia de xénero na adolescencia e 3.599 a violencia de xénero exercida na contorna ou no ámbito familiar. Estes datos supoñen un incremento do 2,2 % respecto de 2023, consolidando unha tendencia de crecemento continuado desde 2017.

Figura 3. Distribución dos casos de violencia contra a infancia e adolescencia (2024)



Elaboración propia a partir de datos do Sistema de información sobre protección da infancia e adolescencia (2024), Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030

En conxunto, estes datos evidencian a necesidade de reforzar e articular de maneira eficaz os mecanismos de detección, axuda e atención á violencia contra a infancia.


A combinación de recursos accesibles e coñecidos, como as liñas de axuda, xunto coa implantación de modelos especializados de atención, resulta clave para garantir unha resposta integral, coordinada e centrada nos dereitos dos NNA asegurando a súa protección fronte a calquera forma de violencia.

15. Fundación ANAR. (2026). *Informe Teléfono/Chat ANAR 2025*. Castilla-La Mancha Media. https://www.cmmedia.es/uploads/files/2026/04/08/Informe%20Tlfno_Chat%20ANAR%202025.pdf

16. Ministerio de Juventud e Infancia. (s. f.). *Modelo Barnahus*. Observatorio de la Infancia. <https://observatoriode-lainfancia.juventudeinfancia.gob.es/modelo-barnahus>



Figura 4. Casos de violencia contra a infancia e adolescencia en España (2023–2024)



Elaboración propia a partir de datos do Sistema de información sobre protección da infancia e adolescencia (Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 (2024–2025))

2.1.4. Abordaxe intersectorial das Experiencias Adversas na Infancia

Existe unha relación directa entre a violencia sufrida na infancia e as dificultades sociais, cognitivas e psicolóxicas no desenvolvemento de quen o sofre. Esta cuestión pódese observar nunha afectación do vínculo de apego, maior impulsividade ou baixa autoestima, entre outras. Ademais, segundo o informe do Ministerio de Sanidade (2023)¹⁷ sobre a actuación sanitaria fronte á violencia na infancia e adolescencia, vense tamén afectados outros sistemas como o endócrino, o circulatorio ou o respiratorio. Polo que, unha vez máis, faise evidente a necesidade de implementar unha actuación multidimensional, que logre abarcar as problemáticas adhe-

17. Ministerio de Sanidad (2023). *Protocolo común de actuación sanitaria fronte a la violencia en la infancia y la adolescencia*. Ministerio de Sanidad. https://www.sanidad.gob.es/areas/promocionPrevencion/prevencionViolencia/infanciaAdolescencia/docs/Protocolo_comun_sanitario_violencia_infancia_adolescencia.pdf

18. Ministerio de Sanidad. (2025). *Protocolo común de actuación sanitaria fronte a la violencia en la infancia y la adolescencia* [PDF].

ridas á propia violencia infantil desde unha perspectiva integral.

“Faise evidente a necesidade de implementar unha actuación multidimensional, que logre abarcar as problemáticas adheridas á propia violencia infantil desde unha perspectiva integral.”

Neste contexto, vese necesario **avanzar cara ao desenvolvemento dun programa específico de atención á saúde mental dos NNA afectados por experiencias adversas na infancia (EAI)**. A integración deste enfoque permitiría **fortalecer a capacidade do sistema sanitario galego para previr e reparar os efectos do trauma infantil**, promovendo un cambio de paradigma **desde un modelo reactivo cara a un modelo preventivo, integral e centrado na resiliencia**.

Desde o Ministerio de Sanidade (2025)¹⁸, impúlsase o *Protocolo común de actuación sanitaria fronte á violencia na infancia e adolescencia*, que establece un procedemento estandarizado para profesionais sociosanitarios co fin de identificar, avaliar, intervir e protexer os menores de idade de calquera forma de violencia. Este protocolo busca unificar a resposta do sistema sanitario en España en liña coas recomendacións internacionais e a LOPIVI. Destácase a importancia de promover contornas seguras e saudables, e de informar e capacitar as persoas que coidan dos NNA para garantir o seu desenvolvemento integral. Esta promoción debe estar



presente en todo momento do proceso asistencial, desde o embarazo, respectando sempre a autonomía, os dereitos e a situación emocional dos NNA e das súas familias.

Así mesmo, destaca a importancia da **detección precoz da violencia, a través do establecemento de pautas para a identificación de sospeitas de maltrato e mediante accións de sensibilización e capacitación do persoal sociosanitario para detectar e actuar ante a violencia**. Neste sentido, resulta necesario avanzar cara a un modelo máis

integral que incorpore a **prevención e identificación precoz das EAI, así como o desenvolvemento de estratexias de seguimento e apoio profesional baseadas nun enfoque orientado ao trauma**.

Un dos obxectivos do mesmo é reforzar os procedementos de rexistro e seguimento a través do *Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI)*, o cal achega datos cuantitativos sobre as notificacións de maltrato confirmadas e sen confirmar en cada Comunidade Autónoma,¹⁹ ao tempo que se promove a integra-

19. Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade & Servizo Galego de Saúde. (2025). *Procedemento de actuación*



ción destes sistemas nunha intervención máis ampla centrada na protección, a recuperación e a promoción da parentalidade positiva.

Co obxectivo de reforzar a coordinación entre sistemas e garantir unha resposta integral, propónse a creación dunha Mesa de Saúde Intersectorial para a prevención da violencia contra a infancia e adolescencia. Este espazo debería integrar os ámbitos sanitario, educativo, social, xudicial e as entidades especializadas, permitindo coordinar protocolos de actuación, mellorar a detección precoz, optimizar os mecanismos de derivación entre recursos e asegurar unha intervención centrada nos dereitos e necesidades dos NNA.

2.2. Os desafíos da era dixital aos que se enfronta a adolescencia

A normativa estatal en materia de protección fronte á violencia infantil establece que as administracións públicas deben garantir ao alumnado a plena inserción na sociedade dixital, así como unha aprendizaxe segura e respectuosa no uso dos medios dixitais, particularmente con respecto á intimidade persoal e á protección de datos. Ademais, establece que as administracións públicas impulsarán, en todas as etapas formativas, un bo uso de internet, algo que na práctica non sempre se cumpre de maneira efectiva.

De feito, a violencia escolar é unha das formas máis comúns de violencia contra a infancia, afectando a aproximadamente un

terzo dos nenos e nenas a nivel mundial (UNESCO, 2019). A Organización Mundial da Saúde (OMS, 2022)²⁰ subliña que este tipo de violencia posúe graves consecuencias para a saúde física e mental das persoas que a sofren. O incremento do uso de tecnoloxías tamén facilitou a expansión das condutas de acoso en contornos dixitais, definidas como “unha agresión intencional e repetida, perpetrada por un grupo ou un individuo, utilizando formas electrónicas de contacto, en contra dunha vítima que non pode defenderse facilmente” (Smith, 2008)²¹.

Neste contexto, o aumento das situacións de acoso en contornos dixitais pon de manifesto a necesidade de reforzar os marcos normativos e educativos que regulen o uso das tecnoloxías no ámbito escolar.

2.2.1. Padróns de uso das novas tecnoloxías

Segundo datos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (2023)²², o 84,5 % dos rapaces e rapazas de entre 5 e 15 anos empregaron dispositivos electrónicos no último ano. Entre os 10 e 15 anos, o uso chega ao 95,1 %, fronte ao 69,6 % no grupo de 5 a 9 anos. Neste contexto, no que o uso das tecnoloxías é practicamente universal, resulta fundamental **establecer medidas que preveñan e minimicen os riscos asociados, como a adicción dixital, o illamento social, a perda de habilidades, a exposición a contidos inadecuados e a violencia dixital**, así como promover un uso seguro das mesmas.

fronte ás situacións de violencia na infancia e na adolescencia en Galicia no ámbito da saúde (ed. actualización setembro 2025). https://www.sergas.gal/Violencia-na-infancia-e-na-adolescencia/Documents/20/Ultima_version_Protocolo_Galicia_setembro2025.pdf

20. Organización Mundial de la Salud (2022). *Maltrato infantil*. <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/child-maltreatment>

21. Smith, P. K., Mahdavi, J., Carvalho, M., Fisher, S., Russell, S., & Tippett, N. (2008). Cyberbullying: Its nature and impact in secondary school pupils. *Journal of Child Psychology and Psychiatry*, 49(4), 376–385. <https://doi.org/10.1111/j.1469-7610.2007.01846.x>

22. Xunta de Galicia. (2024). *Rapaciñ@s dixitais. Edición 2023*. OSIMGA. <https://www.osimga.gal/gl/informes/rapacins-dixitais-edicion-2023>



Figura 5. Uso de dispositivos electrónicos na infancia e adolescencia en Galicia



Created with Datawrapper

Elaboración propia a partir dos datos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (2023)


En Galicia, estase a impulsar o anteproxecto de Lei de Educación Dixital²³, actualmente en tramitación, que pretende establecer un marco regulador para o uso das tecnoloxías no sistema educativo, incluíndo a limitación do uso de dispositivos móbiles, a regulación da intelixencia artificial e o recoñecemento do dereito á desconexión dixital do alumnado e do profesorado. Esta iniciativa, de carácter pioneiro, busca garantir un uso seguro, equilibrado e adaptado á idade dos NNA, contribuíndo á prevención de riscos asociados como o acoso dixital, a sobreexposición ou a vulneración da privacidade no ámbito educativo.

En canto aos usos, o 78,3 % dos menores de idade galegos empregan Internet para xogar ou descargar xogos, e o 56,7 % para a mensaxería instantánea. Os usos menos estendidos inclúen a lectura de noticias ou revistas de actualidade e participación en redes sociais.

En relación a condutas de risco, os datos do informe *Mocidade e internet en Galicia 2024* (iCmedia, 2024)²⁴, sinalan que o 3,8 % dos rapaces de entre 12 e 16 anos afirman usar internet para apostas online. No acceso a contidos pornográficos, o 45,6 % dos


23. Xunta de Galicia. (2025). *Lei de educación dixital de Galicia*. <https://transparencia.xunta.gal/es/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/consulta-publica-previa/consultas-pechadas/-/cpp/0236/ley-educacion-digital-galicia>

24. iCmedia Galicia. (2024). *Jóvenes e Internet en Galicia 2024*. <https://periodistasdeg Galicia.es/wp-content/uploads/2024/05/JOVENES-E-INTERNET-2024-1.pdf>



varóns do mesmo grupo sinala que visualizou pornografía algunha vez, dos cales o 20,4 % o fai con frecuencia. No caso das

Figura 6. Acceso a contidos pornográficos en menores de 12 a 16 anos segundo sexo



Created with Datawrapper

Elaboración propia a partir de datos de iCmedia Galicia (2024)



rapazas, só o 6,5 % accedeu algunha vez, e unicamente o 1,1 % con frecuencia. Estas diferenzas de xénero constitúen un indicador relevante á hora de abordar a violencia de xénero na infancia.

Dado este contexto, resulta esencial **implicar ás familias no acompañamento dixital dos seus fillos e fillas, proporcionándolles ferramentas para detectar e reaccionar ante riscos asociados ao uso das tecnoloxías.**

2.2.2. Papel da familia e centros educativos

O informe elaborado por iCmedia Galicia indica que o control parental sobre o uso de

dispositivos por menores de 12 a 16 anos alcanza o 42,5 %, sendo maior no caso das mozas que no dos mozos. Ademais, as recomendacións sobre o uso temperán de dispositivos móbiles destacan que aqueles adolescentes que comezan a empregar estes dispositivos a idades temperás presentan un maior risco de problemas asociados, polo que se recomenda atrasar a súa introdución sempre que sexa posible.

O papel dos centros educativos tamén resulta fundamental na regulación do uso de dispositivos en horario escolar. En Galicia, a prohibición do uso de móbiles en recreos, comedores e actividades escolares tivo un impacto positivo no benestar da infancia, reducindo significativamente os casos de

“A protección da infancia no ámbito dixital require unha combinación equilibrada de regulación institucional, implicación familiar e acción educativa, especialmente na prevención do uso problemático da tecnoloxía.”

ciberacoso²⁵, segundo os Servizos de Inspección Educativa. O desenvolvemento do anteproxecto de Lei de Educación Dixital de Galicia sitúa este ámbito como unha prioridade na axenda pública da comunidade autónoma. A nivel estatal, aínda que ata o momento non existía un marco legal estatal claramente definido, recentemente o Goberno de España aprobou un anteproxecto de lei para a protección das persoas menores de idade nos contornos dixitais, que introduce medidas para fomentar un uso responsable da tecnoloxía e prevé a regulación do uso de dispositivos nos centros educativos (Goberno de España, 2025)²⁶. Isto evidencia a necesidade de avanzar cara a políticas máis consistentes e homoxéneas en todo o territorio.

A consolidación destes marcos normativos persegue a protección dos menores e potencia os beneficios fundamentais das tecnoloxías ao transformalas en ferramentas de aprendizaxe seguras e estruturadas. Ao fomentar un uso responsable e guiado, os dispositivos dixitais deixan de ser un foco de risco para converterse en aliados do desenvolvemento competencial, permitindo que a adolescencia aproveite o acceso ao coñecemento e á innovación pedagóxica nun contorno de benestar. Deste xeito, unha

25. Carballo, D. (2024, 31 de mayo). *Ciberacoso desplomado: colegios: prohibición móbiles señala inspectora*. GaliciaPress. <https://www.galiciapress.es/articulo/sociedad/2024-05-31/4851055-ciberacoso-desplomado-colegios-prohibicion-moviles-senala-inspectora>

26. Ministerio de la Presidencia, Justicia y Relaciones con las Cortes. (2025). *Anteproyecto de ley orgánica para la protección de las personas menores de edad en los entornos digitales*. Gobierno de España. <https://www.mpr.gob.es>

integración coherente da tecnoloxía nas aulas garante que a dixitalización sexa unha oportunidade de crecemento, reducindo as fendas de seguridade e permitindo que o alumnado desenvolva unha alfabetización dixital crítica, saudable e produtiva.

2.2.3. Condutas adictivas

O uso de redes sociais entre adolescentes de 12 a 16 anos mostra unha tendencia á alza, destacando Instagram, TikTok e WhatsApp. O crecemento de TikTok, en particular, presenta un elevado compoñente adictivo, xa que o 95 % dos contidos visualizados son recomendados polo algoritmo da propia rede, limitando a capacidade de elección consciente da persoa usuaria.

En relación a outras condutas adictivas, no ano 2023, o 5,1 % do alumnado español de entre 14 e 18 anos presentaba indicios dun posible trastorno polo uso de videoxogos. Os rapaces teñen ata tres veces máis risco de desenvolver condutas adictivas que as rapazas, relacionado cos patróns culturais de ocio dixital e coa tipoloxía competitiva e adictiva dos videoxogos destinados principalmente ao público masculino.

Estas evidencias sinalan a importancia de combinar medidas de regulación no uso de tecnoloxías e redes sociais coa educación dixital, implicando tanto ás familias como aos centros educativos, e reforzando programas de prevención e acompañamento que mitíguen os riscos asociados ás condutas adictivas.



2.3. O sistema de protección en Galicia: un modelo en transición cara á garantía de dereitos

O sistema de protección de menores en Galicia é o mecanismo legal polo cal a administración asume a responsabilidade total sobre un neno, nena ou adolescente cando se determina que a súa familia de orixe non pode ou non debe facerse cargo del. Esta situación formalízase mediante a tutela, que supón a suspensión da patria potestade dos pais biolóxicos. Neste escenario, a administración pública convértese no titor legal, asumindo a obrigação de velar polo seu desenvolvemento integral ante unha situación de desamparo.

Unha vez que o menor de idade entra baixo a tutela da administración, o sistema debe decidir cal é a contorna máis axeitada para a súa crianza, priorizando sempre a convivencia familiar sobre a institucional. Isto tradúcese en dúas vías principais: o acollemento familiar, onde a persoa menor de idade vive cunha familia que o coida ou o acollemento residencial, onde vive en centros especializados. O obxectivo é que o paso polo sistema sexa unha medida de protección activa que repare os danos sufridos e prepare ao menor para unha vida adulta independente ou, se fose posible, para un retorno seguro coa súa familia de orixe.

“O sistema de protección en Galicia mantense aínda ancorado nun modelo residencial e reactivo, o que evidencia a necesidade de avanzar cara a un enfoque máis preventivo e centrado nos dereitos da infancia.”

A falta de investimento na prevención familiar, a escasa aposta polo acollemento familiar, a obsoleta normativa do acollemento residencial, e a falta de apoio na transición á vida adulta evidencian a necesidade de reformular o modelo actual.

2.3.1. Limitacións e necesidades do sistema de protección galego

A análise do sistema de protección permite salientar que a eficiencia do modelo galego non depende exclusivamente da calidade dos recursos de acollemento, senón, de maneira fundamental, da súa capacidade para prever a entrada dos NNA no sistema de protección.

Esta orientación tamén se reflicte na distribución da financiación do sistema de protección á infancia e adolescencia. Segundo o informe *Como inflúe a financiación no sistema de protección á infancia e adolescencia en España? O reto da desinstitucionalización* (2026)²⁷, elaborado no marco do Observatorio da Desinstitucionalización de Hogarizar, a análise de contratos e subvencións adxudicados entre 2024 e 2025 contabiliza, polo menos, 516,4 millóns de euros comprometidos para financiar o sistema de atención a nenos, nenas e adolescentes privados de coidado familiar. Dentro dese volume de financiamento, o 82,3 % destínase ao acollemento residencial, fronte ao 9,2 % destinado ao acollemento familiar e apenas o 4,4 % á prevención. Estes datos evidencian unha clara concentración dos recursos no modelo residencial, o que dificulta avanzar cara a un sistema máis preventivo, familiar e comunitario.

Porén, o modelo existente mantense practicamente inalterado durante os últimos trinta anos, situando o acollemento residencial como recurso principal, sen dar unha res-



posta axeitada á diversidade e complexidade das situacións de desprotección que viven moitos NNA. Esta realidade vese agravada pola existencia dun marco normativo obsoleto, que en numerosos casos non se adapta ás necesidades actuais nin se aplica de maneira efectiva. Por iso, resulta imprescindible **realizar unha avaliación integral e en profundidade do sistema de protección, coa finalidade de identificar e corrixir as súas carencias estruturais, disfuncións e incoherencias internas.**

Galicia precisa avanzar cara a un modelo de protección centrado nos dereitos dos NNA, e non condicionado polas limitacións dos recursos económicos, materiais ou humanos existentes. Polo mesmo, resulta necesario

incrementar o investimento público, tanto para mellorar a calidade das intervencións como para reducir a ratio de NNA por profesional nos equipos técnicos do menor da administración (ETM). Mellorar a ratio é imprescindible para garantir unha atención individualizada e de calidade á infancia e adolescencia tutelada; unha carga de traballo axeitada permite que as persoas profesionais vaian máis alá da simple xestión administrativa, facilitando un seguimento emocional real e axilizando a toma de decisións críticas sobre o seu futuro. En definitiva, reducir o número de expedientes por técnico é a única vía para evitar a saturación do sistema e asegurar que cada NNA reciba o acompañamento estable e seguro que require o seu benestar.

27. Plataforma de Infancia. (2026). *Financiación en el sistema de protección a la infancia y la adolescencia*. <https://www.plataformadeinfancia.org/documento/financiacion-en-el-sistema-de-proteccion-infancia-y-adolescencia/>



2.3.2. O horizonte da prevención especializada: Programas de Preservación Familiar

A preservación familiar configúrase como a estratexia prioritaria e como a principal barreira de contención do sistema. Constitúe o primeiro nivel de protección e unha das intervencións máis eficaces para garantir o dereito dos NNA a medrar no seo da súa familia de orixe.

“A preservación familiar consolídase como a estratexia prioritaria do sistema de protección, ao permitir prever a entrada dos NNA e garantir o seu dereito a medrar no seo da familia de orixe.”

Neste sentido, resulta fundamental **reforzar e ampliar os espazos de preservación familiar, orientados á conservación e recuperación das capacidades parentais, co obxectivo de evitar, na medida do posible, a entrada dos NNA no sistema de protección**. Estes dispositivos deben ofrecer apoio emocional, acompañamento continuado e ferramentas educativas, favorecendo o fortalecemento dos vínculos familiares e a construción de contornas seguras e estables para o desenvolvemento integral dos NNA.

Neste marco, a intervención debe evolucionar desde modelos centrados no control cara a enfoques de carácter capacitador, que entendan a familia como un sistema dinámico con potencial de cambio. Do mesmo xeito, resulta fundamental promover a

parentalidade positiva e garantir os denominados bos tratos como base do desenvolvemento emocional e neurolóxico dos NNA. Isto implica apoiar ás familias na adquisición de competencias parentais, tanto educativas como de axencia e de autonomía, que permitan ofrecer un coidado sensible, protector e axeitado ás necesidades evolutivas, superando a mera consideración da parentalidade como unha condición biolóxica (Barudy e Dantagnan, 2010)²⁸.

Paralelamente, a intervención debe orientarse ao fortalecemento da resiliencia familiar. Para iso, resulta clave a activación de redes de apoio social e a promoción de vínculos afectivos seguros, que actúen como factores de protección fronte á vulnerabilidade (Rodrigo et al., 2008)²⁹.


Finalmente, cómpre avanzar cara a un modelo de intervención integral e comunitario, baseado no traballo transdisciplinar e na coordinación entre os ámbitos educativo, terapéutico e asistencial. A conexión das familias cos recursos da súa contorna permite garantir a sustentabilidade das intervencións no tempo e evitar a cronificación das situacións de risco.

2.3.3. Cara á priorización do acollemento familiar como medida prioritaria de protección á infancia tutelada

A 31 de decembro de 2024, rexistrábanse 331 NNA en acollemento familiar en familia allea en Galicia, acompañados dunha rede de arredor de 265 familias acolledoras distribuídas no territorio autonómico. A distribución provincial continúa a mostrar unha clara concentración nas provincias da Coruña e Pontevedra, que reúnen a maior parte dos

recursos e das intervencións neste ámbito. En concreto, A Coruña conta con aproximadamente 117 familias acolledoras, seguida de Pontevedra con 76, Ourense con 43 e Lugo con 29 (Xunta de Galicia 2024)³⁰. Estes datos evidencian a persistencia dunha distribución territorial desigual, xa observada en anos anteriores, na que as provincias occidentais concentran a maior parte da actividade de acollemento familiar na comunidade autónoma.

Figura 7. Distribución de familias acolledoras por provincia en Galicia (2024)



Elaboración propia a partir de datos de iCmedia Galicia (2024)

A pesar destes datos, o acollemento familiar non se contempla de maneira sistemática como a primeira opción nas situacións de urxencia, optándose na maioría dos casos polo acollemento residencial. Esta dinámica, xunto cos trámites administrativos prolongados e as demoras na toma de decisións, contribúe a alongar a estancia dos NNA en contornas que non sempre responden ás súas necesidades afectivas, educativas e de desenvolvemento.

“As provincias da Coruña e Pontevedra concentran máis do 72,8 % de acollementos familiares de Galicia”

É fundamental **priorizar o acollemento familiar como medida preferente de protección, especialmente no caso dos menores de seis anos, en consonancia co establecido no Plan de Acción Estatal para a Implementación da Garantía Infantil Europea (2023)**³¹ que establece como obxectivo avanzar cara a un modelo no que os nenos e nenas máis pequenos non permanezan en recursos residenciais, promovendo a súa atención en contornos familiares e reforzando o acollemento como medida principal dentro do sistema de protección.

Esta aposta require dun compromiso firme por parte das administracións públicas, que debe materializarse nun **incremento do número de familias dispoñibles, facilitando e axilizando os procesos de valoración de idoneidade, na mellora da formación e especialización dos equipos profesionais, na adecuación das prestacións económicas ás necesidades reais das familias acolledoras e no investimento en programas de sensibilización social sobre o acollemento familiar**.

2.3.4. Adopción como medida que garanta o interese superior da infancia

Durante o exercicio 2023, a vía da adopción nacional facilitou que 30 menores atoparan

28. Barudy, J. e Dantagnan, M. (2010). *Los desafíos invisibles de ser madre o padre: Fichas de trabajo sobre parentalidad positiva*. Barcelona: Gedisa.

29. Rodrigo, M. J., Máiquez, M. L., Martín, J. C. e Byrne, S. (2008). *Preservación Familiar: Un enfoque positivo para la intervención con familias*. Madrid: Pirámide.

30. Xunta de Galicia. (2024). *Datos sobre acollemento familiar en Galicia*. Consellería de Política Social e Igualdade.

31. Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030. (2023). *Plan de acción estatal para la implementación de la Garantía Infantil Europea (revisión agosto 2023)*. Gobierno de España. https://www.juventudeinfancia.gob.es/sites/default/files/infancia/otras_medidas_proteccion/Plan_Accion_MAS_Revision_AGO_2023_Accesible.pdf



unha familia, formalizándose xuridicamente a través de 26 autos³². Para comprender o alcance deste dato, resulta imprescindible situalo no contexto ético e legal que fundamentan o sistema de protección á infancia.

A normativa vixente establece que a adopción debe entenderse como unha medida de protección centrada no interese superior da infancia, e non como un instrumento de planificación familiar. Polo tanto, resulta necesario fomentar ofrecementos de adopción axeitados á realidade dos NNA.


Atendendo o alto número de familias con certificado de idoneidade na nosa comunidade (216 nos datos de 2024), parece necesario a realización dalgún tipo de formación que lles axude a reformular os seus ofrecementos. Moitas destas familias, tras longos períodos de espera, non son coñecedoras da realidade da adopción na actualidade e precisan de información veraz sobre o perfil das nenas, nenos e adolescentes do sistema de protección. Esta clase de iniciativas contribuiría a promover unha visión da adopción axustada á realidade e, de igual xeito, podería motivar a algunhas destas familias a considerar o acollemento como alternativa.

En consecuencia, é necesario **fomentar ofrecementos de adopción axeitados á realidade entre as familias que desexen adoptar, informándoas, formándoas e promovendo unha perspectiva real que xire sobre os dereitos da infancia.**

2.3.5. O acollemento residencial como contorna especializada e medida de atención integral

A finais de 2024, segundo os datos da Consellería de Política Social e Igualdade³³, Galicia dispoñía de 64 centros residenciais de protección de menores, cun total de 868 prazas, tanto en centros de titularidade pública como concertados. O número de menores de idade acollidos en centros residenciais ascendía tamén a 868 en toda Galicia, polo que a totalidade das prazas existentes se atopaban cubertas. As provincias da Coruña (262 menores de idade) e Pontevedra

Figura 8. Número de NNA en acollemento residencial por provincia do ano 2024



Elaboración propia a partir de datos da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia (2026)



(319) concentraban conxuntamente o 66,9 % do total autonómico, o que evidencia unha maior presión asistencial nestes territorios.

O acollemento residencial en Galicia regúlase actualmente polo Decreto 329/2005³⁴, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, unha norma que require unha actualización urxente para adaptarse ás realidades actuais de protección. Esta revisión debería facer fronte aos novos retos, incorporar medidas relacionadas coa nova normativa de protección á infancia, mellora nas ratios do

persoal técnico e asegurar a incorporación dos recursos precisos dentro do concerto social para unha atención integral de calidade. Estas melloras deberían vir cunha mellora das condicións laborais dos equipos educativos, esenciais para diminuír as rotacións do persoal, esencial para garantir figuras referentes para os NNA.

Ao longo deste ano dende a administración galega estiveron traballando na actualización do decreto. Neste momento estase á espera da remisión ou publicación do seu anteproxecto.

32. Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. (2023). *Estatística de protección de menores 2022*. https://politicassocial.xunta.gal/sites/default/files/arquivos/publicacions/estatistica_proteccion_menores_2023.pdf

33. Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Igualdade, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. (2026). *Estatística de protección de menores 2024: Operación estatística 2506-02-OE05*. <https://politicassocial.xunta.gal/es/recursos/publicaciones/estadistica-de-proteccion-de-menores-operacion-estadistica-2506-02-oe05-2024>

34. Xunta de Galicia. (2005, 16 de agosto). *Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia*. *Diario Oficial de Galicia*, núm. 156. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2005/20050816/Anuncio1BDC6_es.html



2.3.6. O dereito a un proxecto de vida: a etapa de acompañamento na transición á vida adulta

A transición á vida adulta é un paso complexo e determinante na vida de calquera mozo ou moza. Moitos e moitas delas enfróntanse a este proceso sen unha rede familiar e sen os recursos económicos e emocionais necesarios para garantir unha emancipación exitosa.

A saída do sistema de protección non debe supor unha ruptura abrupta coas institucións, senón que debe ser o inicio dunha nova etapa de acompañamento adaptado á realidade de cada persoa. Apúntase que o comezo dunha vida independente dunha forma acelerada e forzosa constitúe un dos principais problemas dos menores de idade que se encontran en situación de acollemento residencial. Por iso, é fundamental **fortalecer os programas de apoio á autonomía persoal dos mozos e mozas cando abandonan o sistema de protección aos 18 anos, facilitando a súa emancipación.**

O Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar (2019)³⁵ expón unha serie de criterios de cobertura mínimos para afrontar a devandita situación. Como que cada recurso residencial debe contar cun programa de preparación da saída dos menores de idade, coordinándose con outros recursos e preparando á adolescencia para a nova situación a través de itinerarios formativos e laborais. É clave tamén facilitar o acceso a información sobre as distintas axudas ás que poden optar e ofrecerlles acompañamento tras a saída dos centros.

“A emancipación debe entenderse como un proceso de acompañamento progresivo e adaptado, e non como unha ruptura automática co sistema de protección ao cumprir a maioría de idade.”

Para isto sería necesario que o apoio prestado non estivese directamente relacionado co cumprimento da maioría de idade senón co cumprimento de obxectivos de emancipación, favorecendo programas de vivenda compartida para seguir priorizando a rede social como ferramenta clave para poder ter unha vida independente plena.

A información sobre o seu proceso de emancipación debería comezar con tempo suficiente e dentro do sistema de protección, adaptando os programas de transición á vida adulta á realidade específica de nenos, nenas e adolescentes. No caso dos menores migrantes non acompañados (NNAMNA), débese permitir o seu acceso independentemente da súa situación administrativa e de non seren tutelados pola mesma comunidade autónoma³⁶.

35. Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social. (2019). *Criterios de cobertura, calidad y accesibilidad en acogimiento residencial*.

36. Plataforma de Infancia. (2023). *Posicionamiento sobre la desinstitucionalización* [PDF]. Plataforma de Infancia. <https://www.plataformadeinfancia.org/wp-content/uploads/2023/10/Posicionamiento-Desinstitucionalizacion-WEB.pdf>




3. ANÁLISE DA POBREZA E A CARENÇA MATERIAL NA INFANCIA GALEGA




Abordar a cuestión da pobreza infantil implica analizar as causas, consecuencias e propostas establecidas co fin de erradicala. Neste sentido, faise fincapé na idea de que as desigualdades sufridas nos primeiros anos de vida supoñen un forte impacto no desenvolvemento da persoa e nas súas oportunidades futuras. Desta forma, recórrase a *Análise da Enquisa de Condicións de Vida con enfoque de infancia* (Plataforma de Infancia, 2026)³⁷ para observar os datos referidos á pobreza infantil. Así, o 33,2 % de NNA en España cumpren, polo menos, unha das tres condicións da taxa AROPE (risco de pobreza, privación material severa ou baixa intensidade de traballo no fogar).

Figura 9. Porcentaxe de NNA en risco de pobreza ou exclusión social (AROPE) en España



Elaboración propia a partir da *Análise da Enquisa de Condicións de Vida con enfoque de infancia* da Plataforma de Infancia (2026)

Figura 10. Comparativa da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (AROPE) en NNA: Galicia e España (2025)



Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística (2025) e da Plataforma de Infancia (2026)

37. Plataforma de Infancia. (2026). *La pobreza infantil en España 2026: Análisis de la Encuesta de Condiciones de Vida con enfoque de infancia*. <https://www.plataformadeinfancia.org/documento/analisis-encuesta-condiciones-vida-enfoque-infancia-2026/>



3.1. Escenario e evolución da pobreza infantil

Segundo a análise realizado pola Plataforma de Infancia a taxa AROPE indica que o 19,3 % das persoas menores de idade atópase en risco de pobreza e/ou exclusión no 2025. A pesar de atoparse por debaixo da media estatal, Galicia deixa de ser a comunidade autónoma con menor taxa de pobreza infantil, situándose como a segunda con mellores resultados. Ademais, obsérvase un incremento interanual de 3,3 puntos porcentuais, o que apunta a unha evolución recente adversa.

“En Galicia hai 48.000 nenos, nenas e adolescentes en situación de pobreza”

A taxa de pobreza infantil en Galicia no 2024³⁸ diminuíu 7,7 puntos con respecto ao ano anterior. Ademais, sitúase 15,7 puntos por debaixo da media estatal. En canto á taxa de pobreza severa, sitúase no 5 %, converténdose na comunidade autónoma con menor taxa de pobreza infantil, colocándose 9,1 puntos por debaixo da media estatal. Porén, o 18,8 % dos nenos, nenas e adolescentes no 2024 residían en fogares con moita dificultade para chegar a fin de mes, mentres que o dato para o conxunto do Estado é de 26,5 %.

Con todo, a cifra de NNA que viven en situación de pobreza en Galicia foi de 48.000 en 2024, último ano do que teñen rexistros. No que respecta ao emprego, nestas familias ad-

quire unha dimensión crucial, xa que non só reduce o estrés económico, senón que mellora a saúde mental e o clima no que medran os menores de idade. Polo mesmo, débense **priorizar nas políticas activas de emprego a pais, nais ou titores/as e fomentar recursos de apoio que garantan a conciliación familiar**, garantindo ingresos regulares para que poidan investir no capital educativo e social dos seus fillos e fillas e asegurando os recursos necesarios para garantir a cobertura das súas necesidades básicas, evitando con iso a súa desprotección.

A estabilidade laboral debe ir da man dunha vivenda digna, proporciona estabilidade para que poidan medrar sen desvantaxes de partida respecto aos seus iguais. Polo tanto, é clave **impulsar políticas e orzamentos específicos de vivenda con familias con fillos e fillas a cargo, aumentando o acceso a vivendas públicas de baixo custo ou aluguer social ata as 16.000 vivendas no 2032, creación dun parque público básico de emerxencia, cun mínimo de 100 vivendas acordadas na Axenda Social de Galicia e procedementos para a prevención de desafiuzamentos.**

En canto á carencia material severa (CMS), a infancia galega en 2024 situouse por debaixo da media estatal e mellorou o rexistro do ano anterior. Malia estes avances, preto de 17.000 menores en Galicia vense na imposibilidade de acceder a necesidades básicas como unha alimentación proteica que inclúa carne ou pescado cada dous días, unha climatización adecuada no fogar ou a capacidade de asumir imprevistos económicos, condicionando gravemente o seu desenvolvemento. Este dato segue a reflectir a necesidade a avanzar na mellora da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) cara a unha renda garantida de cidadanía, corrixindo o escalamento do limiar de pobreza para



“Arredor de 17.000 nenos, nenas e adolescentes en Galicia residen en fogares que non poden permitirse comer carne e peixe cada dous días, unha calefacción axeitada no inverno ou facer fronte a gastos inesperados, entre outros elementos esenciais dunha vida digna”

ción como unha adecuada complementariedade entre a RISGA e o Ingreso Mínimo Vital (IMV), para complementar este último ata o limiar de pobreza relativa.

3.2. Os desafíos das familias monoparentais desde unha vulnerabilidade estrutural

poder incluír ao maior número de fogares vulnerables con fillos e fillas a cargo. Para iso, recoméndase **modificar a Lei de Inclusión Social de Galicia, asegurando tanto unha simplificación burocrática na súa tramita-**


EAPN España sinala que outro foco de desigualdade na infancia prodúcese nas familias monoparentais. A desigualdade xurídica que sofren fai necesario contextualizar a súa situación para comprender a súa vulnerabilidade. No 2024, tal e como recolle o XV *Infor-*

38. Plataforma de Infancia. (2025). *La pobreza infantil en Galicia 2025: Análisis de la Encuesta de Condiciones de Vida con enfoque de infancia*. https://infanciagalicia.org/wp-content/uploads/2025/09/INFORME_ECV_INFANCIA_2025_GALEGO.pdf



me estatal sobre o Estado da Pobreza (2025) de EAPN España³⁹, o risco de pobreza e/ou exclusión social era máis alto entre as persoas que viven en fogares monoparentais, cunha taxa do 50,3 %. Sinálase tamén que as familias monoparentais galegas presentan maiores dificultades para chegar a fin de mes, sendo o tipo de fogar con máis problemas en comparación con outros.

Figura 11. Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (AROPE) segundo o tipo de fogar (España, 2024)



Elaboración propia a partir do XV Informe sobre o Estado da Pobreza da EAPN España (2025)

O XIV Informe do Estado da Pobreza en Galicia de EAPN⁴⁰ sinala ás familias monoparentais como un dos tipos de fogar con maior vulnerabilidade socioeconómica na comunidade. Os datos reflicten que este modelo familiar presenta unha incidencia especialmente elevada nos indicadores de pobreza e exclusión social. En concreto, o 52,7 % dos fogares monoparentais con menores de idade a nivel estatal atópase en risco de pobreza ou

exclusión social (AROPE), o que supón máis da metade do total e unha proporción significativamente superior á media.

O 80,7 % dos fogares monoparentais están encabezados por mulleres segundo a *Enquisa de Características Esenciais da Poboación e Vivendas* no 2021⁴¹. Esta realidade contribúe a explicar parte da desigualdade observada nos indicadores de pobreza, dado que as mulleres presentan taxas máis elevadas de risco de pobreza ou exclusión social que os homes, en gran medida debido á precariedade laboral, as dificultades de conciliación e a asunción maioritaria das responsabilidades de coidado. É necesario unificar e ampliar o seu recoñecemento, incorporando situacións equiparables como a garda exclusiva sen pensións alimentarias, os casos de violencia de xénero, a ausencia da persoa proxenitora ou a atribución exclusiva da patria potestade.

“As familias monoparentais constitúen un dos grupos de maior vulnerabilidade socioeconómica, cun risco de pobreza especialmente elevado e unha clara feminización desta realidade.”

Ante esta realidade, faise evidente a necesidade de avanzar cara a cambios normativos que respondan á diversidade de situacións existentes nestas familias. Esta actualización legal debe materializarse na **elaboración inmediata do Plan de apoio ás familias mo-**

noparentais para facer fronte aos elevados índices de pobreza que padecen e cumprir co establecido no artigo 40 da Lei de Impulso Demográfico de Galicia. Nesta mesma liña de protección, resulta **prioritario apoiar especificamente ás familias con NNA a cargo con discapacidade**, que lles permita normalizar a situación na que se atopan mediante un aumento do apoio social e económico.

3.3 A Garantía Infantil Europea como instrumento de política pública

A Garantía Infantil Europea configúrase como un dos principais instrumentos da Unión Europea para facer fronte á pobreza infantil, establecendo directrices que instan aos Estados membros a adoptar medidas urxentes e eficaces para previla e combatela. Esta iniciativa intégrase na *Estratexia Europea de Dereitos da Infancia* e no *Pilar Europeo de Dereitos Sociais*, e ten como obxectivo garantir que todos os NNA accedan en igualdade de condicións a dereitos fundamentais. Entre estes dereitos inclúense a educación e o coidado infantil, o acceso diario a unha comida saudable, a atención sanitaria e unha vivenda adecuada.

A Garantía Infantil desenvólvese progresivamente desde 2015, momento no que xorde no ámbito político europeo, consolidándose coa acción preparatoria impulsada en 2017, e posteriormente, aprobada como Recomendación do Consello en 2021, servindo como base para o desenvolvemento do *Plan de Acción Estatal 2022-2030*. España participou activamente neste proceso, impulsando un proxecto piloto orientado a analizar as condicións de acceso a estes dereitos da infancia en situación de vulnerabilidade e a elaborar

recomendacións para a súa efectiva garantía. Seguindo esta liña, é fundamental **garantir que o 5 % dos recursos asignados polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a nivel autonómico se dediquen a combater a pobreza infantil**⁴². Cómpre salientar que España destina tan só o 1,5 % do seu PIB á protección social da infancia e das familias, unha cifra inferior á media europea, que se sitúa no 2,4 % (UNICEF, 2024)⁴³.



39. EAPN España. (2025). *XV Informe estatal sobre el Estado de la Pobreza 2025*. <https://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/documentos/XV-Informe-EL-ESTADO-DE-LA-POBREZA-2025-COMPLETO.pdf>

40. EAPN España. (2024). *XIV Informe del Estado de la Pobreza en Galicia*. <https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/10/Estado-da-Pobreza-en-Galicia-2024-V2.pdf>

41. Instituto Nacional de Estadística. (2021). *Encuesta de Características Esenciales de la Población y Viviendas (ECE-POV)*. https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177092&menu=ultiDatos&idp=1254735572981

42. Comisión Europea. (s.f.). *European Child Guarantee*. https://employment-social-affairs.ec.europa.eu/policies-and-activities/social-protection-social-inclusion/addressing-poverty-and-supporting-social-inclusion/investing-children/european-child-guarantee_en

43. UNICEF España. (2024, 17 de octubre). *España destina solo un 1,5 % del PIB para proteger a los niños y niñas*. <https://www.unicef.es/noticia/espana-destina-solo-un-15-del-pib-proteger-los-ninos-y-ninas>



4. SAÚDE MENTAL NA INFANCIA E ADOLESCENCIA: CARA A UN MODELO DE ATENCIÓN PREVENTIVO E MULTIDISCIPLINAR



A saúde mental representa un elemento fundamental do benestar integral na infancia e na adolescencia, con especial relevancia durante esta última etapa, período de desenvolvemento no que se consolidan competencias emocionais, sociais e cognitivas cruciais para a vida adulta.

Segundo os datos máis recentes da OMS (2023)⁴⁴ e UNICEF (2021)⁴⁵, aproximadamente un de cada sete adolescentes de entre 10 e 19 anos padece algún trastorno mental, o que sitúa estas condicións entre os principais problemas de saúde neste grupo de idade. Así mesmo, o suicidio continúa figurando entre as principais causas de mortalidade na adolescencia, especialmente entre os 15 e os 19 anos.

Na comunidade galega, a saúde mental na infancia e adolescencia está a converterse nun dos principais retos debido ao incremento de diagnósticos, do consumo de psicofármacos e da gravidade dos casos. Evidénciase así unha situación alarmante que require de respostas específicas. O contexto actual pon de manifesto importantes limitacións na detección, prevención, intervención e seguimento dos problemas de saúde mental dos NNA.

4.1. Necesidades, diagnóstico e resposta institucional

A nivel internacional a OMS advertiu que os trastornos mentais constitúen unha das principais causas de discapacidade, facendo fincapé na importancia de promover a prevención, reforzar os sistemas públicos de atención e reducir o estigma asociado a estes problemas (OMS, 2022)⁴⁶.

44. Organización Mundial de la Salud. (2023). *Salud mental del adolescente*. <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/adolescent-mental-health>

45. UNICEF. (2021). *The State of the World's Children 2021: On My Mind – Promoting, protecting and caring for children's mental health*. <https://www.unicef.org/reports/state-worlds-children-2021>


46. World Health Organization. (2022, 17 de junio). *WHO highlights urgent need to transform mental health and mental health care*. <https://www.who.int/es/news/item/17-06-2022-who-highlights-urgent-need-to-transform-mental-health-and-mental-health-care>



A *Estratexia de Saúde Mental do Sistema Nacional de Saúde 2022-2026* sinala que un dos principais retos en España é paliar a insuficiencia de recursos humanos especializados, unha situación que provoca dificultades de acceso á atención psicolóxica e psiquiátrica, longos tempos de espera e unha elevada carga asistencial en atención primaria (Ministerio de Sanidade, 2022)⁴⁷. Esta situación xera unha brecha entre as necesidades reais da poboación e a atención efectiva recibida.

Entre os anos 2016 e 2022 duplicáronse os casos de ansiedade e dificultade de aprendizaxe, afectando a tres de cada dez menores de idade no Estado, tamén os trastornos hiperactivos aumentaron un 50 %. Ademais, segundo UNICEF⁴⁸, o 20,8 % dos

Figura 12. Evolución dos principais problemas de saúde mental na infancia en España (2016-2022)



Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Sanidad e do INE (2022)

47. Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social. (2022). *Estrategia de salud mental del Sistema Nacional de Salud: Período 2022-2026* [PDF]. https://www.sanidad.gob.es/bibliotecaPub/repositorio/libros/29236_estrategia_de_salud_mental_del_Sistema_Nacional_de_Salud_2022-2026.pdf

48. UNICEF España. (2021). *Informe regional: Europa. Estado mundial de la infancia 2021 "En mi mente"*. <https://www.unicef.es/publicacion/informe-regional-europa-estado-mundial-de-la-infancia-2021-en-mi-mente>

49. Servizo Galego de Saúde. (2007). *Plan estratéxico de Saúde Mental. Galicia 2006-2011*. Xunta de Galicia. <https://extranet.sergas.es/catpb/Publicaciones/DetallePublicacion.aspx?IDCatalogo=1517&IdPaxina=40008>

50. Servizo Galego de Saúde (SERGAS). (s. f.). *Plan de saúde mental 2020-2024*. RUNA. <https://ficheiros-web.xunta.gal/plans/PSMG-poscovid-19.pdf>

adolescentes españois entre 10 e 19 anos presentan algún problema de saúde mental, situando a España á cabeza en Europa nesta prevalencia.


“En España, dous de cada dez adolescentes entre 10 e 19 anos presenta algún problema de saúde mental. España está á cabeza en Europa nesta prevalencia”

A saúde mental das persoas menores de idade non pode ser abordada unicamente desde unha perspectiva individual, dado que son múltiples os factores determinantes vinculados ao seu contexto social e económico. Aínda que o *Plan estratéxico de Saúde Mental de Galicia 2006-2011*⁴⁹ recoñecía explicitamente a influencia dos factores socioeconómicos na aparición de problemas de saúde mental, o *Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19 2020-2024*⁵⁰ non incorporou este enfoque como eixo de análise, limitando a capacidade para identificar e corrixir as desigualdades que condicionan tanto o acceso aos servizos como a calidade da atención prestada.

Neste contexto, os datos máis recentes resultan preocupantes. En 2023, máis de 11.300 menores de 15 anos en Galicia consumiron antidepressivos ou ansiolíticos, o que supón un incremento do 7 % respecto do ano anterior. Ademais, as prescricións en menores de

19 anos aumentaron un 52 % desde 2019, segundo datos do Consello de Contas⁵¹.

Figura 13. Evolución das prescricións de psicofármacos en menores de 19 anos en Galicia (2019-2023)



Elaboración propia a partir de datos do Consello de Contas de Galicia

Este aumento do consumo farmacolóxico non foi acompañado dunha mellora proporcional no acceso ás consultas especializadas. A auditoría do Consello de Contas identifica, así mesmo, importantes eivas estruturais no actual *Plan de Saúde Mental en Galicia* en termos de equidade, eficacia e sustentabilidade, aspectos clave para garantir unha atención axeitada e sostible a longo prazo.

“Máis de 11.300 menores de 15 anos no noso territorio consumiron antidepressivos ou ansiolíticos en 2023, un 7 % máis que o ano anterior”

51. Consello de Contas de Galicia. (2025). *Informe de auditoría operativa das actuacións, plans, proxectos e programas no ámbito da saúde mental. Exercicios 2020-2022*. https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2025/IF_Auditoria_Operativa_Actuacions_Plans_Proxectos_Programas_Ambito_Saude_Mental_G.pdf

Ante esta realidade, resulta clave ampliar a atención en saúde mental ata os 21 anos para garantir o acompañamento da mocidade na súa transición á vida adulta.

“As prescricións en menores de 19 anos medraron un 52 % desde 2019”

O documento marco 2020-2024 identifica a atención infanto-xuvenil como un dos tres ámbitos que precisan maior reforzo dentro do sistema. Polo tanto, resulta prioritario mellorar a atención sanitaria infanto-xuvenil mediante o incremento do número de pediatras con formación específica en saúde mental e a incorporación de suficientes Unidades de Saúde Mental Infanto-Xuvenil (USM I-X) de carácter multidisciplinar en atención primaria, garantindo unha resposta próxima, precoz e especializada.

Ademais, preocupa o crecemento do consumo de ansiolíticos sen receita entre adolescentes galegos: o 7,9 % recoñece tomalos, porcentaxe que aumentou desde 2019, sendo Galicia unha das comunidades autónomas con maior consumo sen control médico. Esta realidade agrávase nun contexto no que, segundo o propio Consello de Contas, as actuacións públicas en saúde mental non sempre responden con eficacia ás necesidades reais da mocidade.

No que respecta aos NNA baixo a tutela da administración, presentan unha maior prevalencia de problemas de saúde mental.



Esta vulnerabilidade é o resultado de vivir experiencias traumáticas previas, como o maltrato, a negligencia ou a propia ruptura do vínculo familiar. A inestabilidade emocional derivada do desamparo, sumada ás veces a unha excesiva rotación por diferentes recursos de acollida, xera un maior risco de desenvolver trastornos de ansiedade, depresión ou problemas de conduta que requiren unha atención especializada e un acompañamento terapéutico continuado dentro do sistema de protección. Polo mesmo, resulta imprescindible asegurar a atención sociosanitaria dos NNA no sistema de protección, mediante a sinatura dun convenio entre as consellerías competentes en materia de política social e sanidade para a asignación

de persoal sanitario a recursos específicos de protección infantil, especialmente profesionais do campo da psiquiatría, psicoloxía e terapeutas ocupacionais. Esta medida permitiría garantir unha resposta máis especializada e adaptada ás necesidades da infancia e adolescencia máis vulnerable, reforzando a coordinación entre institucións e a equidade na atención.

4.2. Casos agudos en poboación menor de idade

Entre 2020 e 2023, en España rexistráronse 58 falecementos por suicidio ou lesións autoinflixidas en menores de 14 anos. Segundo

datos do Observatorio de Suicidio,⁵² en España esta problemática constitúe a terceira causa de morte no grupo de idade comprendido entre os 10 e os 19 anos (Observatorio del Suicidio en España, 2021). En máis da metade dos casos as vítimas foron menores de idade, un patrón que tamén se observa en idades superiores e que podería estar vinculado a factores socioculturais relacionados coa expresión do malestar emocional e coa menor procura de axuda.

“En Galicia identificouse a 314 persoas menores en risco de suicidio”

No ámbito autonómico, Galicia rexistrou catro falecementos por esta causa no mesmo período. Aínda que se trata dunha cifra reducida, o seu impacto social e emocional é significativo. En resposta a esta situación, a Xunta puxo en marcha en 2022 o programa *Código Agarimo*, a través do cal se identificaron 314 persoas menores de idade en risco de suicidio⁵³ entre 2023 e 2024 (Villar, 2025).

Á vista da gravidade do fenómeno resulta imprescindible reforzar os recursos asistenciais dispoñibles para a atención en situacións agudas na poboación infanto-xuvenil. En particular, considérase necesario **ampliar a capacidade de hospitalización específica para acadar o número de camas necesario para garantir unha atención adecuada, en termos de equidade, seguridade e calidade, especialmente nos momentos de maior risco.**

52. Fundación Española para la Prevención del Suicidio. (2022). *Observatorio del suicidio en España 2021*. <https://www.fsme.es/observatorio-del-suicidio-2021/>

53. Villar, C. (2025, 7 de febrero). La Xunta vigila en centros educativos el riesgo suicida de 314 escolares. *Faro de Vigo*. <https://www.farodevigo.es/galicia/2025/02/07/xunta-vigila-centros-educativos-riesgo-suicida-114063876.html>

54. Fundación ANAR. (2026). *Informe anual líneas de ayuda ANAR 2025: Teléfono, chat y correo electrónico*. Fundación ANAR. https://www.cmmedia.es/uploads/files/2026/04/08/Informe%20Teléfono_Chat%20ANAR%202025.pdf

4.3. Ferramentas de prevención e apoio

No marco dunha estratexia integral de saúde mental infanto-xuvenil, a escola constitúe un espazo clave para a prevención e a detección temperá dos problemas emocionais e psicolóxicos. Segundo o informe máis recente da Fundación ANAR (2026)⁵⁴, a saúde mental constitúe o principal motivo de consulta por parte de persoas menores de idade, representando o 51,8 % do total das súas demandas de axuda. Dentro deste ámbito, unha proporción relevante das consultas está relacionada con condutas suicidas e autolesivas, o que pon de manifesto a gravidade do malestar emocional existente neste grupo.

A análise destas consultas evidencia unha fenda significativa entre a vivencia do malestar por parte dos NNA e a súa identificación por parte das persoas adultas. Mentres que nas consultas realizadas directamente polos propios menores de idade sobre saúde mental ocupa unha posición central, nas efectuadas por persoas adultas en relación a NNA predominan as situacións de violencia, que representan aproximadamente o 64 % das consultas, fronte a unha proporción moito menor vinculada á saúde mental, ao redor do 18 %. Esta discrepancia pon de manifesto as dificultades persistentes para a verbalización

“A saúde mental representa o 51,8 % das consultas realizadas por NNA en ANAR”




do sufrimento emocional por parte da infancia e adolescencia, así como as limitacións na súa detección temperá por parte dos sistemas de protección e das persoas adultas.

Este escenario reforza a necesidade de actuar de forma temperá e coordinada desde o ámbito educativo. Neste sentido, resulta imprescindible **reforzar os equipos de orientación dos centros educativos mediante a incorporación de perfís profesionais multidisciplinares, así como fortalecer e ampliar a Rede de Atención Temperá**. Do mesmo xeito, cómpre **desenvolver políticas públicas máis proactivas de prevención e intervención fronte ao acoso e ao ciberacoso**, como factores de risco estreitamente vinculados ao malestar emocional.

No que respecta ao reforzo dos equipos de orientación multidisciplinares nos centros educativos, débese garantir un equipo por cada 15.000 NNA. Esta medida debe incorporarse como un eixo estratéxico no seguinte Plan de Saúde Mental e no novo modelo de atención integral á saúde mental, integrando un total de 15 equipos multidisciplinares que permitan unha intervención próxima, coordinada e eficaz na detección temperá e acompañamento do alumnado.

Ademais, é necesario **establecer canles de comunicación efectivas entre as diferentes persoas profesionais e institucións implicadas na prevención e detección de problemáticas de saúde mental** especialmente entre o ámbito educativo, os centros de saúde e as consultas especializadas, co obxectivo de garantir unha coordinación real, unha mellor continuidade asistencial e unha resposta máis áxil ante situacións de risco.

Figura 14. Porcentaxe de consultas ao Teléfono de Axuda á Infancia segundo idade da persoa e tipoloxía do contacto para España (2026)



Created with Datawrapper

Elaboración propia a partir de datos da Fundación ANAR (2026)



**5. DESAFÍOS NA ATENCIÓN
TEMPERÁ EN GALICIA:
DIAGNÓSTICO DE
COBERTURA E ATENCIÓN**



A relevancia da intervención temperá susténtase na plasticidade evolutiva dos primeiros anos de vida, os cales constitúen unha etapa crítica para o desenvolvemento. Os servizos incluídos permiten compensar dificultades, previr o agravamento de trastornos existentes e potenciar as capacidades de cada neno ou nena.

Na actualidade, a Rede Galega de Atención Temperá está integrada por 55 servizos comunitarios específicos, financiados pola Consellería de Política Social e Igualdade, e por 7 unidades hospitalarias dependentes do SERGAS. Conxuntamente, estes recursos atenden arredor de 5.000 nenos e nenas cada ano, o que supón aproximadamente o 50 % da poboación infantil de 0 a 6 anos que precisaría este tipo de apoio para o seu desenvolvemento persoal e social.

“A rede galega aínda é insuficiente e os servizos comunitarios de proximidade cobren tan só 200 dos 313 concellos galegos”

A pesar de que nos últimos anos se produciu un importante incremento de recursos, a rede galega continúa a ser insuficiente e os servizos comunitarios de proximidade cobren tan só 200 dos 313 concellos galegos, o que significa que segue a existir un déficit de cobertura territorial que xera unha fenda de desigualdade vinculada ao lugar de nacemento.


5.1. Contexto estatal da atención temperá e desigualdades territoriais.

No conxunto do Estado, segundo datos da Federación Española de Atención Temperá (GAT), no ano 2023 recibiron atención temperá arredor de 130.000 NNA, o que representa o 5,38 % da poboación de entre 0 e 6 anos⁵⁵. Entre os principais retos identificados a nivel estatal destacan a asimetría das redes autonómicas, a escaseza de recursos, as trabas administrativas, os longos tempos de espera e a falta de profesionais especializados.

55. España. (2025, 31 de enero). *Se aprueba el primer acuerdo estatal para mejorar la atención temprana y reducir los tiempos de espera*. Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030. <https://www.dsca.gob.es/es/comunicacion/notas-prensa/se-aprueba-primer-acuerdo-estatal-mejorar-atencion-temprana-reducir>



Figura 15. Porcentaxe de NNA que reciben atención temperá en España en 2023



Elaboración propia a partir de datos do Goberno de España (2023)

Xunto á cobertura territorial incompleta, existen importantes desigualdades nos medios humanos e materiais postos a disposición das familias segundo a zona de residencia. Nalgúns territorios obsérvase unha concentración excesiva de recursos, mentres que noutros se rexistran listas de espera prolongadas, o que compromete a eficacia da intervención temperá.

Ante esta realidade, resulta imprescindible incrementar o financiamento público, co fin de **asegurar a extensión da rede galega aos 313 concellos, así como a estabilidade, mellora e homoxeneización das condicións salariais e laborais dos equipos profesionais, garantindo unha atención temperá equitativa e de calidade en todo o territorio galego.**

Así mesmo, detéctanse desigualdades nas dotacións básicas dos servizos, incluíndo medios informáticos, instalacións ou materiais de traballo, o que incide directamente na calidade da atención prestada. Neste contexto, urxe **elaborar un Plan Interdepartamental de Atención Temperá guiado por criterios profesionais de calidade que faciliten un**

despregamento ordenado e con medios suficientes de todos os servizos que precisa a rede. Polo mesmo, cobra especial relevancia garantir unha distribución planificada, ben dimensionada, obxectiva e rigorosa dos recursos, así como a dispoñibilidade de instalacións adecuadas, equipos profesionais estables con formación continua e unha guía de estándares e procesos que facilite a supervisión e avaliación da eficacia da rede.

5.2. Modelo de financiamento: limitacións actuais e necesidades de cambio

Os mecanismos de financiamento vixentes resultan insuficientes e inestables, ao basearse nunha financiación autonómica de carácter bianual, complementada maioritariamente mediante convenios, subvencións anuais e procedementos de contratación pública ao abeiro da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello de contratos, en detrimento do concerto social. Ademais, as entidades titulares (concellos, mancomunidades ou agrupacións) poden optar por modelos de xestión directa ou indirecta, o que introduce unha elevada variabilidade no funcionamento dos servizos.

Esta configuración non garante a cobertura da demanda existente, como evidencian as listas de espera en numerosos casos, e xera unha notable inestabilidade estrutural, especialmente tendo en conta a necesidade de continuidade nas intervencións, o mantemento das vinculacións coas familias e a consolidación de redes locais. A isto súmase a ausencia de limitacións na entrada e saída dos concellos das agrupacións, o que incrementa a fragmentación do sistema e dificulta a planificación a medio e longo prazo.

Neste sentido, resulta necesario **implementar en Galicia un modelo estable de finan-**



“Os mecanismos de financiamento son actualmente insuficientes e inestables, baseados maioritariamente en convenios, subvencións anuais e licitación de servizos a través da Lei de contratos fronte ao concerto social”

ciamento autonómico, baseado no concerto social plurianual, acompañado da elaboración e aplicación dunha normativa de autorización e acreditación dos servizos.

Este cambio permitiría garantir a continuidade, a calidade e a coherencia da atención temperá, reforzando o carácter público e universal do servizo.

5.3. Avances e compromisos institucionais

Co obxectivo de dar resposta a esta situación, o 31 de xaneiro de 2025 aprobouse o I Consenso Estatal para a mellora da Atención Temperá. Despregue da folla de ruta: obxectivos, medidas e estándares xerais de calidade (BOE-A-A-2025-3770)⁵⁶, froito dunha con-

56. España. (2025, 25 de febreiro). Resolución de 13 de febreiro de 2025, de la Secretaría de Estado de Derechos Sociales, por la que se publica el Acuerdo del Consejo Territorial de Servicios Sociales y del Sistema para la Autonomía



ferencia multisectorial na que participaron os ministerios de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 e de Sanidade, os gobernos autonómicos e diversas entidades sociais.

Este consenso establece un marco común baseado nos principios de universalidade, equidade, gratuidade, calidade e responsabilidade pública, e fixa un prazo máximo de 45 días desde a detección dun risco evolutivo ata o inicio da intervención, en liña coa Garantía Infantil Europea (2021). Inclúe nove liñas de acción prioritarias, entre as que se atopan a planificación e o financiamento, a calidade dos servizos, a coordinación interadministrativa,

a participación das familias, a prevención, o acceso equitativo, a avaliación e intervención integral, a formación profesional continua e a mellora dos sistemas de información.

Para a súa implementación, prevese unha dotación de 42 millóns de euros procedentes do FSE+, destinados a cofinanciar diversas actuacións en colaboración coas comunidades autónomas. No período 2025–2026 atópase en proceso de elaboración unha guía estatal de estándares de calidade, orientada a homoxeneizar os criterios de intervención e mellorar a calidade dos servizos en todo o territorio.



y Atención a la Dependencia, de 31 de enero de 2025, por el que se establece el “Consenso Estatal para la Mejora de la Atención Temprana. Despliegue de la Hoja de Ruta: objetivos, medidas y estándares generales de calidad” [Disposición 3770]. Boletín Oficial del Estado, 48. <https://www.boe.es/boe/dias/2025/02/25/pdfs/BOE-A-2025-3770.pdf>

**6. CARA Á EQUIDADE REAL:
DIVERSIDADE E INCLUSIÓN
DA INFANCIA EN GALICIA**



A situación da infancia e a adolescencia non constitúe unha realidade homoxénea. As condicións nas que medran os NNA están profundamente condicionadas polo territorio no que viven, pola súa orixe social ou cultural, pola existencia dunha discapacidade, pola súa identidade ou orientación sexual, pola súa situación administrativa ou pola pertenza a colectivos historicamente discriminados. Estas circunstancias poden converterse en factores de desigualdade cando os sistemas públicos non ofrecen respostas suficientes, accesibles e adaptadas ás necesidades reais de cada neno ou nena.

Avanzar cara a unha garantía efectiva dos dereitos da infancia e adolescencia require incorporar unha mirada interseccional, inclusiva e adaptada ás distintas realidades territoriais. É necesario identificar as barreiras que impiden o exercicio en igualdade de condicións e desenvolver medidas específicas para eliminalas. A infancia con discapacidade, xitana, a que vive no rural, a LGTBIQ+ e os nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados evidencian a necesidade de reforzar os sistemas de apoio, protección, educación, saúde, vivenda e participación desde unha perspectiva integral, preventiva e centrada no interese superior da infancia.

6.1. Romper as barreiras para a inclusión desde un enfoque da infancia con discapacidade

Segundo a OMS, os NNA con discapacidade enfróntanse a múltiples barreiras en distintos ámbitos, como a educación, a atención sanitaria, a protección social ou a participación plena na vida política e social. Esta situación impacta de maneira significativa no risco de quedar atrapados nun círculo de desvantaxe que afecta negativamente ao seu desenvolvemento integral e a súa calidade de vida, tanto no presente como no futuro.

Nesta liña, os fogares con menores de idade con discapacidade presentan taxas máis elevadas de risco de pobreza e exclusión social. A pobreza na vida das persoas con discapacidade recoñécese como o resultado da interacción de diferentes factores, tanto individuais como ambientais, entre eles destaca a accesibilidade como un elemento transversal que condiciona de forma decisiva as súas oportunidades. Esta debe estar presente nos distintos ámbitos da vida dos NNA con discapacidade, garantindo o acceso efectivo aos recursos, servi-



zos e espazos necesarios para o seu desenvolvemento.

A discapacidade na infancia e na adolescencia pode constituír un factor importante de vulnerabilidade social, especialmente cando se combinan outras circunstancias de carácter multifactorial. Na *Enquisa sobre Discapacidade, Autonomía Persoal e Situacións de Dependencia* (INE) estímase que ao redor de 130.000 nenas e nenos menores de 15 anos presentan algunha discapacidade, representando ao 2 % aproximado da poboación infantil. Ademais, a Base Estatal de datos de Persoas con Valoración do Grao de Discapacidade, do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030⁵⁷, sinala que máis de 162.000 menores de 17 anos teñen recoñecido oficialmente un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, o que supón case o 5 % do total de persoas con discapacidade en España.

Desde o chamado enfoque das capacidades, o benestar e a xustiza social deben medirse a partir dos recursos dispoñibles, pero tamén, a partir das oportunidades reais que as persoas teñen para desenvolver as súas aptitudes, exercer a súa autonomía e levar a vida que desexan. Desde esta perspectiva, a discapacidade non se concibe exclusivamente como unha limitación individual, senón como o resultado da interacción entre as características persoais, as barreiras sociais, culturais e estruturais existentes na contorna.

En Galicia, a atención á infancia con discapacidade preséntase de maneira desigual e fragmentada, especialmente no relativo á continuidade asistencial e á coordinación entre servizos de atención temperá. Neste contexto, cómpre **garantir unha atención temperá especializada nas necesidades dos NNA con parálise cerebral e das súas familias, asegurando unha intensidade su-**

“Arredor do 2 % da poboación infantil menor de 15 anos presenta algunha discapacidade e case o 5 % dos menores de 17 anos ten recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %”

ficiente dos apoios e intervencións. Este recurso é clave nos primeiros anos de vida, pero a súa limitación actual ata os 6 anos dificulta a continuidade dos procesos de rehabilitación e intervención, fundamentais para o desenvolvemento dos nenos, nenas e adolescentes con parálise cerebral e outras patoloxías afíns. Polo mesmo, resulta fundamental **estender a rehabilitación máis aló da etapa de atención temperá, superando o límite actual dos 6 anos nos casos de nenos e nenas con parálise cerebral e outras patoloxías afíns**, xa que a continuidade da atención é imprescindible para favorecer o seu desenvolvemento.

A complexidade da parálise cerebral en Galicia require un cambio de paradigma que substitúa o actual modelo de fragmentación administrativa. O obxectivo final é garantir que o sistema público funcione como unha rede de soporte continua dende o mesmo intre do nacemento, evitando que a complexidade das patoloxías derive nunha desprotección do menor. Polo mesmo, faise necesario **definir e aprobar unha estratexia sociosanitaria específica para as persoas con parálise cerebral que garanta unha atención completa e coordinada desde o nacemento, incluíndo a figura dun profesional de referencia, a coordinación de citas médicas e especialidades, a accesibilidade e adaptación das probas médicas, así como unha mellor coordinación entre os distintos servizos e especialidades.**

57. Observatorio Estatal de la Discapacidad (2021). *Infancia y discapacidad. Datos sociodemográficos*. <https://observatoriodeladiscapacidad.info/microinformes/infancia-y-discapacidad-datos-sociodemograficos>



No ámbito educativo, a atención á diversidade na comunidade autónoma presenta avances normativos relevantes, mais continúa a existir unha distancia significativa entre o marco teórico e a súa aplicación práctica nos centros. A resposta educativa ao alumnado con discapacidade segue a depender en gran medida dos recursos dispoñibles en cada centro, o que xera desigualdades no acceso a unha educación inclusiva e de calidade. Para avanzar cara a unha educación inclusiva, é necesario **incrementar os medios humanos e materiais nos centros educativos, garantindo que os NNA contengan recursos, axudas técnicas e produtos de apoio necesarios para favorecer a súa autonomía e participación na vida escolar.** Neste sentido, resulta fundamental **promo-**

ver formación especializada para o persoal dos centros educativos, que lles permita ofrecer unha atención adecuada e individualizada ao alumnado con necesidades educativas especiais.

O camiño cara a unha educación formal inclusiva require superar o modelo de integración tradicional para adoptar unha estratexia que recoñeza a singularidade de cada estudante como punto de partida. No caso do alumnado con discapacidade, a igualdade de oportunidades lógrase a través da equidade, o que implica ofrecer a cada NNA os apoios específicos que a súa realidade física, cognitiva ou sensorial precise. Neste sentido, resulta imprescindible **promover plans de atención individualizado para o alumnado en**



función das súas capacidades e necesidades formativas. Así mesmo, cómpre reforzar a consideración dos distintos tipos de discapacidade dentro do Plan de Atención á Diversidade de cada centro educativo e nos protocolos públicos, de maneira que se desenvolvan medidas específicas adaptadas ás características de cada colectivo cun nivel de concreción maior que o contemplado na normativa actual.

Na actualidade, a falta de apoios en etapas post-obrigatorias actúa como unha barreira invisible que expulsa a moitos mozos e mozas con discapacidade do sistema educativo, truncando as súas expectativas de futuro e limitando a súa autonomía. Para que a igualdade de oportunidades sexa real, debe asegurarse o acceso a unha educación accesible e igualitaria en todas as etapas educativas, máis aló da educación obrigatoria, garantindo os apoios humanos e materiais necesarios para que o alumnado con discapacidade poida continuar os seus estudos nas mesmas condicións que o resto do alumnado.

No ámbito do sistema de protección de menores, existen nenos, nenas e adolescentes con discapacidade os cales enfróntanse a unha dobre vulnerabilidade: ao trauma do desamparo súmase unha discapacidade que require coidados que un centro ordinario non pode ofrecer. O sistema de protección ten a obriga de tutelar e garantir o interese superior do menor, o que nestes casos tradúcese en infraestruturas sen barreiras, ratios de persoal moito máis reducidos e un equipo multidisciplinar (médicos, terapeutas e logopedas) integrado no seu día a día.


58. Fundación Secretariado Xitano (2018) Estudio comparado sobre a situación da poboación xitana en España en relación ao emprego e a pobreza 2018. Estudio elaborado por Fundación Iseak. <https://iseak.eu/wp-content/uploads/2019/09/situacion-de-la-poblacion-gitana-en-espana-en-relacion-al-empleo-y-la-pobreza-2022-09-28-situacion-de-la-poblacion-gitana-en-espana-en-relacion-al-empleo-y-la-pobreza-2.pdf>

Polo mesmo, resulta necesaria a apertura de centros específicos con prazas especiais destinadas á atención a NNA con discapacidade con grandes necesidades de apoio, garantindo así que NNA reciban unha atención adecuada ás súas necesidades específicas.

6.2. Fendas que persisten na infancia e adolescencia xitana

Os indicadores relativos á infancia xitana en España poñen de manifesto unha elevada vulnerabilidade social e unha profunda desigualdade estrutural. Segundo a Fundación Secretariado Xitano (2018)⁵⁸ o dato máis actualizado mostra que o 89 % da infancia e adolescencia xitana vive en fogares afectados pola pobreza, dos cales o 70,2 % se atopa en situación de pobreza severa e o 51,8 % en extrema pobreza, situación que repercute directamente no seu benestar e desenvolvemento.


Figura 16. Niveis de pobreza na infancia xitana en España



Elaboración propia a partir dos datos da Fundación Secretariado Xitano (2018)

A realidade educativa tamén resulta preocupante. En 2022, máis da metade da mocidade xitana de entre 16 a 24 anos non completara a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), fronte ao 4 % da poboación xeral. Así mesmo, segundo a Fundación Secretariado Xitano (2023)⁵⁹, un 86,3 % da mocidade xitana de entre 18 e 24 anos non continuaba estudando; só o 27,7 % tiña o título da ESO, mentres o 58,6 % permanecía sen titulación básica, fronte ao 13,3 % da mocidade española que abandonaba prematuramente os estudos. Esta fenda educativa, que se mantivo sen avances significativos na última década, continúa ampliándose, agudizando a desigualdade interxeracional.

Figura 17. Fenda educativa entre mocidade xitana e poboación xeral en España



Elaboración propia a partir de datos da Fundación Secretariado Gitano (2023)

Porén, a evidencia máis recente subliña que estas desigualdades non poden explicarse unicamente en termos socioeconómicos. O informe anual da Fundación Secretariado Xitano de 2025 documenta 399 casos de discriminación cara á comunidade xitana⁶⁰, en

59. Fundación Secretariado Xitano (2023). A situación educativa do alumnado xitano en España. Madrid. Fundación Secretariado. https://www.gitanos.org/upload/84/23/La_situacion_educativa_del_alumnado_gitano_Informe_ejecutivo_FSG_2023.pdf

60. Fundación Secretariado Gitano. (2025). *Discriminación y comunidad gitana. Informe anual 2025 (versión casos)*. https://www.gitanos.org/upload/61/17/Discriminacion_y_comunidad_gitana_Informe_Anual_FSG_2025_version_casos.pdf

“A infancia xitana en España presenta niveis extremos de vulnerabilidade, con ata un 89 % de nenos e nenas en situación de pobreza.”

ámbitos clave como a educación, a vivenda, o emprego ou o acceso a bens e servizos. Esta realidade pon de manifesto que o antigitanismo e a discriminación estrutural seguen sendo factores determinantes que limitan o exercicio pleno dos dereitos da infancia xitana.

Neste contexto, resulta fundamental reforzar as políticas públicas dirixidas a mellorar o acceso e a permanencia da infancia e adolescencia xitana no sistema educativo, especialmente nas etapas temperás, así como impulsar programas específicos de apoio e acompañamento escolar. Para iso, cómpre desenvolver un plan estatal orientado ao éxito educativo da infancia xitana en situación de pobreza, dotado de recursos suficientes e baseado en medidas de prevención, reforzo escolar, orientación socioeducativa e apoio ao alumnado e ás súas familias, co obxectivo de reducir o fracaso escolar e o abandono temperán.

A situación de pobreza e abandono educativo agrávase pola vulneración do dereito á vivenda, que limita o acceso a outros dereitos fundamentais como a saúde, a seguridade, o benestar, a educación e o lecer. A infancia xitana está sobrerrepresentada en contextos de chabolismo e asentamentos segregados. Segundo o *Estudo-Mapa de Vivenda e Poboación*



ción Xitana en España (2015)⁶¹, un 2,17 % dos fogares xitanos eran considerados chabolas, aloxando unhas 11.000 persoas, das cales 4.000 eran menores de idade. Nos últimos anos, esta realidade continúa presente. Segundo a Fundación Secretariado Xitano e a Fundación ISEAK (2023)⁶² en 2023, estimouse que 23.419 persoas vivían en 4.584 infravivendas e 5.925 en 1.185 chabolas, sendo o 98 % da comunidade xitana e aproximadamente a metade menores de 16 anos. Galicia destaca como a comunidade autónoma con maior proporción de persoas xitanas en infravivenda ou chabolismo.

Esta realidade evidencia a necesidade de **impulsar políticas públicas que permitan erradicar o chabolismo como forma extrema de pobreza infantil, promovendo procesos de realoxo e garantindo a transición das familias xitanas cara a unha vivenda digna, segura e adecuada.**

A gravidade desta situación require medidas urxentes para reducir a pobreza infantil xitana e a fenda de oportunidades, garantindo a erradicación da pobreza actual e interrompendo a súa transmisión interxeracional. Só así será posible garantir o desenvolvemento integral, a inclusión e a igualdade de oportunidades desta comunidade.

6.3. Desafíos de cobertura, fenda dixital e despoboamento da infancia do rural

A infancia residente no ámbito rural galego enfróntase a unha realidade marcada por desafíos estruturais específicos que esixen unha atención diferenciada por parte das




políticas públicas. No ano 2024, o 26 % da poboación galega residía en contornas rurais, situando a Galicia como a sexta comunidade autónoma con maior porcentaxe de poboación rural no conxunto do Estado. A diversidade de condicións socioeconómicas, o acceso desigual aos servizos públicos e a propia configuración territorial inflúen de maneira directa no benestar, nas oportunidades e nas condicións de desenvolvemento da poboación infantil e adolescente.

61. Estudo-Mapa de vivenda e poboación xitana en España, 2015. MSSSI, FSG e DÁleph, Madrid 1016 https://www.gitanos.org/upload/36/06/1.2-EST_Estudio-mapa_sobre_vivienda_y_poblacion_gitana_2015_resumen_ESP.pdf

62. Fundación Secretariado Gitano; elaborado por: Fundación ISEAK (2023). Estudio sobre el perfil y la situación de las personas en los asentamientos chabolistas y de infravivienda en España. Madrid.Fundación Secretariado Gitano <https://iseak.eu/wp-content/uploads/2023/06/estudio-sobre-el-perfil-y-la-situacion-de-las-personas-en-los-asentamientos-chabolistas-y-de-infravivienda-en-espana-2023-06-12-estudio-sobre-el-perfil-y-la-situacion-de-las-personas-en-los-asentamien.pdf>

Segundo datos do INE (2024), Galicia conta con 62.702 menores de 15 anos residentes en zonas rurais⁶³. Esta cifra supón un lixeiro descenso respecto ao período 2021-2023, no que o número de NNA do ámbito rural se mantivo por enriba dos 63.000, situándose en valores próximos aos rexistrados en 2020. En termos relativos, a poboación menor de 15 anos representa o 8,9 % da poboación total dos concellos rurais, fronte a máis do 11 % dos concellos urbanos ou semiurbanos de máis de 5.000 habitantes, o que evidencia un proceso de envellecemento e despoboamento máis acusado nestes territorios.

Figura 18. Peso da poboación infantil segundo ámbito territorial en Galicia



Elaboración propia a partir de datos do INE (2024)

6.3.1. Atención á infancia no rural

Desde o ano 2016 implantáronse nos concellos rurais galegos as Casas Niño como recurso de atención á primeira infancia. No ano 2025 existían máis de 100 centros en

funcionamento, cunha oferta superior ás 500 prazas en zonas rurais⁶⁴. Non obstante, diferentes análises poñen de manifesto limitacións relevantes no seu funcionamento, financiamento e impacto territorial.

Só o 38,9 % das persoas titulares das Casas Niño consideran satisfactorios ou moi satisfactorios os recursos económicos achegados pola Xunta de Galicia, mentres que o 83,4 % sinala como elevada ou moi elevada a achega de recursos propios necesaria para o mantemento do servizo, asumida polas propias persoas titulares⁶⁵. Esta realidade evidencia a necesidade de revisar o modelo de financiamento, co obxectivo de garantir a súa sustentabilidade, estabilidade e calidade asistencial.

Así mesmo, aínda que estes servizos de proximidade teñen como finalidade contribuír á fixación de poboación en núcleos rurais pertencentes a concellos de 5.000 ou menos habitantes, o 57,4 % destes centros localízanse nas capitais municipais, concentrando a oferta nas áreas máis urbanizadas e limitando o seu impacto nos núcleos máis dispersos.

Neste contexto, resulta fundamental **proporcionar apoios ás familias do rural para que poidan cumprir coas súas responsabilidades de crianza mediante unha mellora de infraestruturas de servizos básicos, transporte e comunicacións** para garantir a eficiencia destes recursos e promover a equidade territorial.

As condicións materiais da infancia residente en contornas rurais presentan maiores niveis de vulnerabilidade estrutural en comparación coas áreas urbanas. Segundo o *XIV Informe do*

63. Para este caso, tómanse como zonas rurais os concellos con 5.000 ou menos habitantes.

64. Xunta de Galicia. (2025, 20 de enero). *A Xunta segue consolidando a rede de casas nido no rural cunha inversión de 10,5 M€ para garantir a súa continuidade ata o ano 2028*. <https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/009044/xunta-sigue-consolidando-red-casas-nido-rural-con-una-inversion-10-5-para-garantizar>

65. Ferreiro-Núñez, X., & Caride-Gómez, J. A. (2024). Políticas de infancia y adolescencia en la Unión Europea: evolución y retos. *Revista de Política Social*, 12(1), 45–68. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=9389238>



Estado da Pobreza en Galicia de EAPN, a taxa AROPE acada o 26,7 % nas zonas rurais, fronte ao 25 % nas contornas urbanas. Ademais, o incremento rexistrado en Galicia no ano 2023 foi máis acusado no rural, cun aumento de 2,5 puntos porcentuais, fronte aos 1,6 puntos observados nas áreas urbanas.

No caso da privación material e social severa (PMSS), aínda que a incidencia continúa sendo maior nos ámbitos urbanos 9,3 % que nos rurais cun 5,4 %, é nestes últimos onde se produciu o maior incremento interanual, chegando a duplicarse a taxa respecto a 2022. O feito de que esta taxa se duplicara no rural no último ano obriga a **solicitar un maior acceso a actividades extraescolares, unha mellora do transporte e un incremento da oferta adaptada aos intereses da infancia e adolescencia do rural**, contribuíndo a ampliar as oportunidades educativas, culturais e de lecer nestes territorios, e compensando esta crecente vulnerabilidade nesta contorna.

Desde unha perspectiva territorial, os concellos con maiores taxas de pobreza infantil concéntranse principalmente no interior das provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, así como na Costa da Morte. Nestas áreas, a taxa de pobreza infantil supera o 30 % en numerosos concellos, chegando mesmo a exceder o 40 % nalgúns casos. Pola contra, nas sete cidades galegas a taxa sitúase de maneira xeral por debaixo do 30 % (coa excepción de Ferrol), oscilando entre o 17,2 % e o 22,2 % nas principais áreas urbanas (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo)⁶⁶. Estes datos amosan unha correlación clara entre despoboamento, ruralidade e maiores niveis de pobreza infantil.

66. España. (2023). *Mapa da pobreza infantil en España*. Alto Comisionado para la Lucha contra la Pobreza Infantil. <https://www.comisionadopobrezainfantil.gob.es/es/datos-e-indicadores/pobreza-infantil>

67. OSIMGA. (2024). *Rapaciñ@s dixitais*. Edición 2023. Xunta de Galicia. <https://www.osimga.gal/gl/informes/rapacins-dixitais-edicion-2023>

68. Sundararajan, V., & Suresh, S. (2019). *Use of Internet among Rural Teenagers: Pattern of Usages, Awareness,*

“Canto máis despoboadada e máis ruralizada está unha rexión, maiores son as taxas de pobreza infantil en termos xerais”

6.3.2. Fenda dixital na infancia e adolescencia rural

A fenda dixital constitúe outro dos principais factores de desigualdade que afectan á infancia e adolescencia do rural galego. O estudo *Rapaciñ@s Dixitais* de OSIMGA (2023)⁶⁷ identifica diferenzas no uso de dispositivos electrónicos en NNA de 5 a 15 anos en función do ámbito de residencia. O 87,5 % dos NNA do rural empregaron dispositivos dixitais nos tres meses anteriores á enquisa, fronte ao 82,4 % nas contornas urbanas.

As maiores diferenzas non se observan no uso do ordenador, senón no emprego do teléfono móbil (4,6 puntos máis no rural) e no uso de internet (5,2 puntos máis). Este patrón relaciónase co acceso limitado a banda ancha fixa nas zonas rurais, o que converte o teléfono móbil nunha alternativa máis accesible e funcional.⁶⁸

Aínda que preto do 90 % dos fogares dos concellos de menos de 5.000 habitantes contan con conexión a internet (Segundo OSIMGA), esta porcentaxe continúa por de-



baixo da media galega situada no 94,3 % en 2023. Con todo, o avance experimentado entre 2020 e 2023 resulta significativo, cun incremento de 20,5 puntos porcentuais.

Nun contexto cada vez máis dixitalizado e dependente das telecomunicacións, débese **garantir a conexión a internet de banda ancha, o acceso universal ás tecnoloxías nos fogares e formacións en competencias dixitais nas contornas rurais galegas, así como reducir a fenda dixital, poñendo**

o foco no rural e nos colectivos en situación de vulnerabilidade.


No que respecta á infraestrutura de fibra óptica ata o fogar (FTTH), Galicia presenta unha cobertura limitada, alcanzando o 81,7 % dos fogares, o que a sitúa entre as comunidades autónomas con peores indicadores a nivel estatal. As provincias de Lugo cun 68,74 % e Ourense, cun 74,68 % figuran entre as que presentan menor cobertura⁶⁹. Nos concellos de 5.000 ou menos habitantes, a taxa de

and Associated Health Hazards. International Journal of Research in Engineering, Science and Management, 2(6), 1–5. https://www.researchgate.net/publication/334493383_Use_of_Internet_among_Rural_Teenagers_Pattern_of_Usages_Awareness_and_Associated_Health_Hazards

69. España. (2023). *Mapa de cobertura de banda ancha en España a xuño de 2023*. Ministerio de Asuntos Económicos e



Figura 19. Acceso a fibra óptica (FTTH) en Galicia segundo ámbito territorial



Elaboración propia a partir de datos do OSIMGA (2023)

“Só o 53,8 % dos concellos rurais galegos conta con fibra óptica fronte ao 81,7 % da media autonómica.”

acceso á FTTH sitúase no 53,8 % en 2023, moi afastada do 80,5 % dos concellos de tamaño medio e do 95,9 % das cidades galegas.

6.4. LGTBIQ+: diversidade e protección fronte á discriminación e o odio

A comunidade LGTBIQ+ continúa sendo un dos colectivos que sofre maiores niveis de discriminación social, a pesar dos avances normativos acadados nas últimas décadas.

Case cincuenta anos despois da despenalización da homosexualidade en España⁷⁰, o país sitúase como o cuarto máis avanzado de Europa en materia de dereitos LGTBIQ+, segundo o *Rainbow Map*⁷¹ (2024). Porén, este progreso normativo non se traduce necesariamente nunha mellora equivalente das actitudes sociais nin na redución da violencia. Segundo datos de Save the Children⁷² (2024), España figura entre os países nos que unha maior porcentaxe de persoas perciben un incremento da violencia contra as persoas LGTBIQ+ nos últimos anos cun 75 %, fronte ao 59 % da media da Unión Europea. Esta realidade afecta á infancia e adolescencia, que se atopan en maior situación de vulnerabilidade.

No ámbito lexislativo estatal, destacan a Lei 4/2023⁷³, 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, que recoñece a autodeterminación de xé-

Transformación Dixital. <https://experience.arcgis.com/experience/6f779bc7528e4466b11ab9d251d6e1d1/page/FTTH>
70. España. (1979, 11 de enero). *Ley 77/1978, de 26 de diciembre, de modificación de la Ley de Peligrosidad y Rehabilitación Social y de su Reglamento* [Ley 77/1978]. Boletín Oficial del Estado, 10. <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1979-700>

71. ILGA-Europe. (2025). *Rainbow map*. <https://rainbowmap.ilga-europe.org/>

72. Save the Children. (2024, 27 de junio). *Orgullo LGTBIQ+: Casi la mitad de la población adolescente europea se siente discriminada por su orientación sexual o su identidad de género, según la FRA*. <https://www.savethechildren.es/notasprensa/orgullo-lgtbiq-casi-la-mitad-de-la-poblacion-adolescente-europea-se-siente-discriminada>

73. España. (2023, 1 de marzo). *Ley 4/2023, de 28 de febrero, para la igualdad real y efectiva de las personas trans y para la garantía de los derechos de las personas LGTBI* [Ley 4/2023]. Boletín Oficial del Estado, 51. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2023-5366>



“O 75 % da poboación percibe un aumento da violencia contra as persoas LGTBIQ+ en España, fronte ao 59 % da media da UE.”

nero a partir dos 16 anos e prohíbe as terapias de conversión, e a LOPIVI, que garante a protección integral dos dereitos de NNA, incluíndo o respecto á súa orientación sexual e identidade de xénero. Neste contexto, resulta imprescindible o **deseño e implementación de plans e programas específicos que promovan a igualdade, o respecto, o acompañamento e a inclusión da infancia e mocidade LGTBIQ+, garantindo espazos seguros e libres de discriminación.**

6.4.1. Formación en diversidade

O desenvolvemento lexislativo en materia LGTBIQ+ non é homoxéneo no conxunto do Estado. Das 17 comunidades autónomas, só 7 contan cunha lei trans e unicamente 4 dispoñen tanto de lei trans como de lei LGTBIQ+. No caso de Galicia, aínda que foi a segunda comunidade autónoma en aprobar unha lei de non discriminación das persoas LGTBIQ+ en 2014⁷⁴, non conta cunha lexislación específica en materia trans. Esta carencia normativa reforza a necesidade de **promover programas integrais de atención e acompañamento a NNA trans e ás súas familias, así como impulsar políticas activas de coeducación e educación afecti-**

74. España. (2014, 25 de abril). *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia* [Lei 2/2014]. *Diario Oficial de Galicia*, 79. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140425/AnuncioC3B0-220414-0001_gl.html

75. Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO). (2024, 4 de marzo). *Los institutos gallegos no son espacios seguros para el alumnado LGBT*. <https://www.agareso.org/es/los-institutos-gallegos-no-son-espacios-seguros-para-el-alumnado-lgbt/>

vo-sexual no ámbito escolar, orientadas á construción dunha cultura de respecto á diversidade e á prevención da discriminación desde idades temperás.

Así mesmo, resulta imprescindible o desenvolvemento de accións formativas específicas dirixidas ao profesorado, ao persoal dos servizos sociais e ao ámbito sanitario, co obxectivo de dotar a estes axentes de ferramentas adecuadas para o acompañamento da infancia e adolescencia LGTBIQ+. Esta necesidade vese avalada polos resultados do estudo realizado por AGARESO entre 2023 e 2024 en centros de educación secundaria de Galicia. Segundo este estudo, un 4,6 % do alumnado identifícase como trans, un 19 % declara unha orientación sexual non normativa e un 9 % atópase en proceso de definición da súa identidade ou manifesta dificultades para facelo debido á presión social. Máis da metade deste alumnado mantén en segredo a súa identidade ou orientación sexual, e só un 36 % afirma sentirse libre para expresarse sobre cuestións de xénero no ámbito escolar.

6.4.2. Violencia LGTBIfóbica

A discriminación e a violencia LGTBIfóbica continúa sendo unha realidade presente nos centros educativos galegos, o que pon de manifesto a necesidade de **establecer protocolos claros de prevención, detección e intervención fronte a estas situacións, así como de facilitar o acceso a servizos de acompañamento psicolóxico e social para a infancia e xuventude LGTBIQ+ e as súas familias.** O estudo de AGARESO⁷⁵ sinala que o 81 % do alumnado LGTBIQ+ sufriu algunha forma de agresión, mentres que o 69 % do profesora-



do presenciou episodios de violencia contra este colectivo no contexto educativo. A maioría destas agresións son de carácter verbal, en forma de bromas, comentarios ofensivos ou insultos, e proceden tanto do alumnado como, nalgúns casos, do profesorado.


Cómpre engadir que, segundo o *Barómetro de opinión* de UNICEF⁷⁶ (2023), o 40 % das persoas menores galegas de entre 12 e 16 anos afirma que as faltas de respecto cara á comunidade LGTBIQ+ lles importan pouco ou moi pouco, o que evidencia unha preocupante normalización da discriminación. As persoas trans enfróntanse ademais a si-

“O 40 % dos galegos e galegas de entre 12 e 16 anos afirma que as faltas de respecto contra a comunidade LGTBIQ+ lles importan pouco ou moi pouco”

tuacións de illamento social e rexeitamento: aínda que a maioría da poboación afirma respectalas, un 33 % da mocidade cisheterosexual non as acepta, mostrando reticen-

76. UNICEF España. (2025). *Barómetro de opinión de la infancia y adolescencia 2023-2024*. <https://www.unicef.es/publicacion/barometro-infancia-adolescencia/informe-2023-2024>

Figura 20. Porcentaxe de NNA LGTBIQ+ que sufriron agresións



Elaboración propia a partir dos datos de AGARESO (2024)

cias ao uso de nomes e pronomes axeitados. Persisten tamén estereotipos baseados en prexuízos, como a asociación das persoas trans coa enfermidade, a promiscuidade ou a infelicidade.

6.4.3. Contornas educativas, redes sociais e necesidades de protección

O clima de seguridade nos centros educativos continúa a amosar importantes limitacións en relación coa diversidade afectivo-sexual e de xénero. O 56 % do profesorado e o 19 % do alumnado consideran os centros educativos espazos seguros e só un 8 % de ambos colectivos percibe que a mocidade interveña activamente cando se producen agresións. Ademais, entre o alumnado non pertencente ao colectivo LGTBIQ+, un 37 % afirma que non se sentiría seguro para expresar a súa orientación sexual ou identidade de xénero no caso de formar parte do colectivo.

As redes sociais constitúen a principal fonte de información para o alumnado, destacando plataformas como TikTok, Instagram

e YouTube. En relación ao discurso de odio nestes espazos, o 74 % do alumnado afirma non bloquear nunca contido discriminatorio, mentres que só un 13 % actúa de maneira activa contra este tipo de mensaxes, predominando comportamentos pasivos ou de tolerancia implícita.

Neste escenario, resulta fundamental defender o acceso a unha atención sanitaria próxima, de calidade e non patoloxizante para as persoas trans, así como reforzar as estratexias educativas, comunitarias e institucionais orientadas á prevención da violencia, á promoción do respecto á diversidade e á protección integral da infancia e adolescencia LGTBIQ+.

6.5. Dereitos da infancia migrante non acompañada: o reto da acollida, solidariedade e o interese superior da infancia

Os nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados e separados constitúen un dos colectivos en situación de maior vulnerabilidade dentro do sistema de protección. Esta vulnerabilidade non deriva unicamente da ausencia de referentes parentais no territorio de acollida. Tamén está relacionada coa complexidade dos seus percorridos migratorios, coa perda ou debilitamento das súas redes cotiás de apoio, coa exposición a posibles situacións de violencia, explotación ou desprotección, e coa necesidade de reconstruír seguridade, vínculos e proxecto vital nun novo contexto social, cultural e administrativo.

A chegada de infancia e adolescencia migrante non acompañada converteuse nun dos maiores desafíos aos que se enfrontan os sistemas públicos de protección. O incremento sostido das chegadas puxo de manifesto as limitacións dos modelos existentes, especialmente nos territorios de primeira



entrada, e evidenciou a necesidade de respostas coordinadas, solidarias, planificadas e baseadas na defensa efectiva dos dereitos da infancia.

No plano normativo, cómpre sinalar que a atención á infancia migrante non acompañada se sitúa nun espazo de tensión entre a normativa de protección da infancia e a normativa de estranxeiría. A protección da infancia debe ser sempre o marco prevalente; con todo, na práctica moitos procedementos decisivos como documentación, autorización de residencia, determinación de idade, acce-

so á protección internacional ou traslados entre territorios quedan fortemente condicionados pola lexislación de estranxeiría. Esta situación pode comprometer o interese superior da infancia⁷⁷ se non se garante unha avaliación individualizada, procedementos con garantías e unha interpretación centrada nos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.

O interese superior da infancia é un dereito substantivo, un principio interpretativo e unha regra de procedemento, recollido na Convención sobre os Dereitos do Neno (art.

3) e na Lei Orgánica de Protección Xurídica do Menor (art. 2).

No caso da infancia e adolescencia migrante non acompañada, este principio debe concretarse tamén na avaliación do seu proxecto migratorio e vital, tendo en conta a súa historia, expectativas, situación emocional, vínculos familiares e comunitarios, realidade educativa, situación documental, capacidades e os riscos aos que puido estar exposto.

6.5.1. Contexto da chegada e acollida de nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados

España experimentou nos últimos anos un notable incremento na chegada e presenza de nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados no sistema de protección. Segundo datos da Fiscalía Xeral do Estado, en 2023 chegaron ás costas españolas 4.865 menores estranxeiros non acompañados, o que supuxo un incremento do 104,8 % con respecto ao ano anterior. No exercicio 2024 tramitáronse 8.140 expedientes relativos a infancia e adolescencia migrante non acompañada⁷⁸, o que confirma unha tendencia sostida de crecemento e unha presión crecente sobre os sistemas públicos de protección.

Non se trata dunha realidade illada nin conxuntural, senón dunha tendencia xa incorporada ao contexto migratorio actual. As entradas prodúcense maioritariamente polas Illas Canarias, Ceuta e Melilla, con mobilidade posterior cara a outras comunidades autónomas, en moitos casos a través de entidades do terceiro sector e dispositivos de acollida específicos. A saturación dos sistemas de protección nos territorios de primeira entrada, especialmente nas Illas Canarias, puxo de manifesto a necesidade de articular solucións baseadas na solida-

“Os datos amosan un incremento significativo da presenza de infancia e adolescencia migrante non acompañada no sistema: en 2023 chegaron ás costas españolas 4.865 menores estranxeiros non acompañados e en 2024 tramitáronse 8.140 expedientes relativos a este colectivo”

riedade interterritorial e na responsabilidade compartida entre o Estado e as comunidades autónomas.

En xuño de 2024, Canarias acollía 5.645 nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados, unha cifra que evidenciaba a sobrecarga do sistema e a necesidade dunha resposta estatal estruturada.

En Galicia, a atención á infancia e adolescencia migrante non acompañada é xa unha realidade recoñecida pola Xunta de Galicia. Segundo os datos comunicados, Galicia atende actualmente a 273 nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados en centros residenciais, cunha ocupación que supera o 108 % da capacidade prevista. Este dato pon de manifesto que o debate non pode reducirse á aceptación ou non de novas derivacións, senón á necesidade de dimensionar adecuadamente o sistema galego de protección, garantir financiamento suficiente e planificar recursos especializados con criterios de calidade, proximidade, desinstitucionalización e dereitos da infancia. Para facer fronte a este reto, débese **aprobar un Plan galego de acollida e inclusión dos NNAMNA, con recursos, prazos, estándares de calidade, protocolos de coordinación interadministrativa e mecanismos de avaliación pública.**

O Goberno de España respondeu con cambios normativos de alcance estatal, apro-

77. ACNUR & Universidad Pontificia Comillas. (2022). *Guía para profesionales que trabajan con niños y niñas refugiados no acompañados y separados* [Guía]. Alto Comisionado de las Naciones Unidas para los Refugiados. <https://www.acnur.org/es-es/sites/es-es/files/2023-04/638a08d44.pdf>

78. Fiscalía General del Estado. (2025). *Memoria de la Fiscalía General del Estado 2025 (ejercicio 2024)*. https://www.fiscal.es/memorias/memoria2025/FISCALIA_SITE/index.html



bando en marzo de 2025 o Real Decreto-lei 2/2025⁷⁹, de 18 de marzo, orientado a garantir o interese superior da infancia e adolescencia ante situacións de continxencias migratorias extraordinarias. Este decreto recoñece que a protección dos nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados non pode recaer de maneira desproporcionada nos territorios de fronteira e establece mecanismos de corresponsabilidade territorial.

Con todo, a redistribución interterritorial só será compatible cun enfoque de dereitos se se realiza con garantías, mediante unha avaliación individualizada que garanta o interese superior do menor, o dereito a ser escoitado en todos os procedementos que lle afecten como nos traslados entre comunidades autónomas, na asignación de recurso, tramitación de documentación, acceso á protección internacional, escolarización, atención sanitaria, medidas de protección e planificación da transición á vida adulta. Esta participación debe realizarse con información comprensible, mediación lingüística e cultural, asistencia letrada e acompañamento profesional especializado. Para materializar este modelo, resulta indispensable **implantar un sistema de calidade, participación, indicadores públicos e mecanismos de queixa seguros, garantindo a voz dos propios NNAMNA e a rendición de contas do sistema.**

6.5.2. Modelos de acollida de nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados

En España, o sistema de acollida de nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados artículase a través de diferentes vías: a acollida ordinaria das comunidades

autónomas, que xestionan prazas residenciais, familiares ou de autonomía xuvenil; os mecanismos de redistribución solidaria entre territorios; as situacións de continxencia migratoria extraordinaria nos casos de saturación extrema, como ocorre en Canarias, Ceuta ou Melilla; e o Sistema Estatal de Protección Internacional, mediante dispositivos específicos xestionados polo Estado e/ou por entidades do terceiro sector.

O modelo de acollida debe avanzar cara a unha lóxica de desinstitucionalización, priorizando recursos pequenos, estables, inseridos na comunidade e con capacidade real para xerar vínculos educativos. As casas de familia, minirresidencias, vivendas tuteladas e programas de acollida familiar deben ser entendidos como alternativas preferentes fronte a dispositivos masificados, especialmente cando estes dificultan a personalización da atención, a integración comunitaria, a convivencia normalizada e a participación dos adolescentes no seu propio itinerario.

Actualmente, menos do 5 % da infancia e adolescencia migrante non acompañada están en acollemento familiar, moi por debaixo da proporción das persoas menores de idade tuteladas en xeral que viven con familias de acollida. Esta diferenza revela unha importante fenda no acceso dos NNAMNA ao dereito a vivir nun contorno afectivo e familiar.

O acollemento familiar de NNAMNA require un desenvolvemento específico e non pode ser tratado como unha simple extensión do acollemento familiar ordinario. **Precisa campañas de sensibilización** que combatan prexuízos e discursos de odio, **procesos de selección rigorosos, formación específica en adolescencia, interculturalidade, trauma**



migratorio, protección internacional e dereitos da infancia, apoio económico suficiente, mediación cultural e acompañamento técnico continuado ás familias acolledoras.

A promoción do acollemento familiar debe realizarse sempre desde criterios de seguridade, idoneidade, voluntariedade e respecto ao proxecto vital dos NNA. Non todos os adolescentes migrantes non acompañados precisarán ou desexarán unha familia acolledora, pero todos deben ter dereito a que se valore esta posibilidade de forma individualizada.

De igual maneira, **cómpre reforzar os demais procedementos e recursos de acollida e protección como centros de primeira acollida e recepción, unidades especializa-**

das de avaliación inicial, recursos residenciais de pequeno tamaño, vivendas tuteladas, programas de autonomía e centros de emancipación. A resposta debe organizarse como unha rede flexible de recursos, capaz de adaptarse á idade, madurez, situación emocional, necesidades xurídicas, vínculos familiares, proxecto migratorio e nivel de autonomía de cada adolescente.

O Comité dos Dereitos do Neno ten sinalado a necesidade de facilitar o acceso a procedementos de asilo equitativos e eficientes para nenos, nenas e adolescentes necesitados de protección internacional. Isto require axilizar a aplicación da Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da pro-

79. España. (2025, 18 de marzo). *Real Decreto-lei 2/2025, de 18 de marzo, polo que se aproban medidas urxentes para a garantía do interese superior da infancia e a adolescencia ante situacións de continxencias migratorias extraordinarias* [Real Decreto-lei 2/2025]. *Boletín Oficial del Estado*, 68. https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2025-5404



tección subsidiaria⁸⁰, e desenvolver mecanismos eficaces para identificar necesidades de protección internacional nos primeiros momentos da acollida, con información adaptada, asistencia letrada especializada, intérpretes e acompañamento profesional.

6.5.3. Deficiencias no sistema de protección

Obsérvanse importantes carencias na coordinación e na axilidade dos procedementos administrativos que afectan á infancia e adolescencia migrante non acompañada desde a súa chegada. En moitos casos, prodúcense atrasos na asignación dunha tutela legal efectiva, o que os deixa nun limbo xurídico que vulnera os seus dereitos, debilita a súa protección e incrementa o risco de exclusión.

A inexistencia dun protocolo áxil, homoxéneo e garantista para todo o Estado agrava esta situación, especialmente nos territorios fronteirizos de entrada, onde a saturación dos servizos provoca que moitos nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados queden temporalmente sen unha protección axeitada.

“Os atrasos na asignación de tutela e a ausencia dun protocolo áxil e homoxéneo provocan que moitos NNAMNA queden nun limbo xurídico que vulnera os seus dereitos e aumenta o risco de exclusión.”

Unha das deficiencias máis graves é a demora na documentación dos NNAMNA. A falta de Numero de Identidade Estranxeiro (NIE), autorización de residencia, tarxeta de identidade de estranxeiro ou documentación básica dificulta o acceso efectivo a dereitos, bloquea itinerarios educativos e laborais, impide a planificación da autonomía e pode derivar en situacións de irregularidade sobrevida ao cumprir a maioría de idade.

Tamén resulta imprescindible garantir procedementos de determinación de idade respectuosos cos dereitos da infancia, baseados na presunción de minoría de idade, na mínima invasividade das probas, na asistencia letrada, na interpretación lingüística e na valoración integral da documentación e dos indicios dispoñibles. Durante todo o procedemento debe garantirse a protección provisional da persoa como menor de idade.

Para facer fronte a esta realidade, é necesario **establecer avaliacións profesionais iniciais, tanto sociais, coma psicolóxicas, sanitaria e xurídicas**, co fin de **identificar situacións de vulnerabilidade, posibles necesidades de protección internacional, indicios de trata, necesidades de saúde mental, vínculos familiares** e o recurso de acollida máis axeitado. A partir desta análise, **debe asignarse unha resposta personalizada**, evitando derivacións automáticas ou baseadas unicamente na dispoñibilidade de prazas.

A falta de servizos de mediación cultural e de interpretación lingüística nos centros de acollida dificulta a comunicación efectiva e afecta negativamente ao proceso de adaptación



ao novo contexto. Do mesmo xeito, a atención psicolóxica e emocional continúa sendo unha das principais carencias do sistema. A separación familiar, a experiencia da ruta migratoria, as situacións de violencia ou explotación, o duelo migratorio e a presión por responder ás expectativas familiares poden xerar un sufrimento emocional intenso.

Así mesmo, a protección real dos NNAMNA non debe rematar cando se cumpre a maioría de idade. A transición á vida adulta é

unha das fases de maior risco, especialmente cando existen atrasos na documentación, ausencia de rede familiar, dificultade de acceso á vivenda, precariedade laboral ou falta de apoio emocional. Deben **desenvolverse itinerarios específicos para adolescentes e mocidade extutelada**, especialmente entre os 16 e os 23 anos, **facilitando permisos de traballo, acceso a vivendas asistidas, formación profesional, orientación laboral, mentores de referencia e apoio económico** durante o proceso de emancipación.

80. España. (2009). *Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria*. Boletín Oficial del Estado. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2009-17242>



7. O DEREITO Á EDUCACIÓN E A EQUIDADE NOS ESPAZOS EDUCATIVOSA



A educación constitúe un pilar esencial para o desenvolvemento persoal, social e comunitario da infancia e da adolescencia. O acceso a unha educación de calidade desde as primeiras etapas da vida resulta determinante para favorecer a igualdade de oportunidades, reducir desigualdades de orixe e garantir traxectorias educativas máis inclusivas e continuadas. Neste sentido, a escolarización temperá, a prevención do abandono escolar, a suficiencia do investimento público e o recoñecemento doutros espazos educativos son elementos clave para analizar a situación educativa da infancia en Galicia.

Galicia presenta avances positivos pero persisten retos importantes vinculados á equidade, á atención á diversidade e á compensación das desigualdades sociais, económicas e territoriais. Por iso, resulta necesario abordar a educación desde unha perspectiva ampla e integral, que teña en conta tanto os recursos destinados ao sistema educativo como o papel complementario da educación non formal. A escola, a familia, a comunidade, o lecer educativo, a cultura, o deporte e a participación social forman parte dun mesmo ecosistema de aprendizaxe que debe contribuír ao benestar, á inclusión e ao desenvolvemento pleno de todos os NNA.

7.1. Escolarización 0-3 anos

En Galicia, a taxa de escolarización entre os 0 e 3 anos situouse ao redor do 64 % no curso 2024/2025⁸¹, segundo datos do Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, mantendo o liderado estatal e superando amplamente a media española.

Trátase do valor máis elevado entre todas as comunidades autónomas, superando en 13 puntos porcentuais a media estatal e tamén en 13 puntos os rexistros do curso 2019/2020, coincidindo coa implantación progresiva da gratuidade nesta etapa educativa.

⁸¹. Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes. (2025). *Avance de datos de escolarización en educación infantil 0-3 años (curso 2024/2025)*. Gobierno de España. <https://www.educacionyfp.gob.es>



Pola súa banda, a taxa neta de escolarización aos 5 anos mantense en niveis case universais, situándose ao redor do 98–99 % en Galicia, en liña coa media estatal (INE, 2024)⁸². Estes indicadores reflicten unha alta participación nas etapas iniciais do sistema educativo, elemento clave para o desenvolvemento cognitivo, emocional e social da infancia.

Por todo, é necesario ampliar a **cobertura da educación de 0 a 3 anos, harmonizando os criterios de acceso entre oferta pública**

e **privada, priorizando ás familias en situación de vulnerabilidade e avanzando cara á gratuidade de servizos complementarios**, co obxectivo de reducir desigualdades desde as primeiras etapas educativas.


7.2. Abandono escolar

Galicia pechou o ano 2025 cunha taxa de abandono educativo temperán do 10,4 %⁸³, o que supón 0,4 puntos menos que no ano

82. Instituto Nacional de Estadística (INE). (2024). *Sistema estatal de indicadores de la educación: escolarización por edad*. <https://www.ine.es>
83. Xunta de Galicia. (2026, 28 de xaneiro). *Galicia reduce el abandono escolar en el último año al situarse en el 10,4%, 2,4 puntos menos que el promedio estatal*. <https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/020827/galicia-reduce-abandono-escolar-ultimo-ano-situarse-10-4-2-4-puntos-menos-que>

2024⁸⁴ e sitúa a comunidade 2,4 puntos por debaixo da media estatal, situada no 12,8 %. A pesar da mellora, este indicador continúa a reflectir a necesidade de reforzar medidas de acompañamento educativo, especialmente nos grupos con maior risco de desconexión, o que evidencia a **necesidade de reforzar as políticas educativas con enfoque de equidade e prevención**.

Figura 21. Taxa de abandono escolar temperán: Galicia vs España (2025)




Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia 2026

As desigualdades fanse especialmente visibles nos colectivos en situación de vulnerabilidade. Entre a mocidade xitana de 16 a 24 anos, a taxa de fracaso escolar, é dicir, persoas que non obtiveron o título da ESO, sitúase no 62,8 %, mentres que entre os NNA vinculados ao sistema de protección só entre o 1 % e o 4 % acceden a estudos universitarios⁸⁵. Así mesmo, as persoas con discapacidade presentan maiores probabilidades de abandono educativo que o conxunto da poboación.

84. Xunta de Galicia. (2025, 28 de xaneiro). *Galicia continúa entre as comunidades de España con menor abandono educativo temperán e dótase do novo Plan FPGal360 para reducir ao mínimo esta taxa*. <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/009278/galicia-continua-entre-comunidades-espana-con-menor-abandono-educativo-temperan>
85. Caballero, E. (17 de julio de 2024). *Solo un 1% de los jóvenes tutelados en España accede a la universidad*. *La Razón*. https://www.larazon.es/sociedad/solo-1-jovenes-tutelados-espana-accide-universidad_20240717669797f301df700011a6ffa.html
86. Naciones Unidas. Comité sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad. (2024). *Informe de seguimiento sobre España en relación con la Convención sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad*. Naciones Unidas.

Figura 22. Desigualdades educativas en colectivos vulnerables en España (2024)



Elaboración propia a partir de datos de MEFPD, INE e informes de inclusión educativa (2023–2024)

“O abandono escolar en Galicia sitúase no 10,83 %, pero concéntrase con especial intensidade en colectivos vulnerables, onde a desigualdade educativa é moito máis acusada.”

Neste sentido, informes recentes de Nacións Unidas (2024)⁸⁶ sinalan que máis de 40.000 nenos, nenas e adolescentes con discapacidade continúan escolarizados en modalidades educativas segregadas en España, o que constitúe unha vulneración persistente do dereito á educación inclusiva. Ante esta realidade, **resulta prioritario mellorar a formación do profesorado en**




atención á diversidade, reforzar os apoios educativos e avanzar cara a centros ordinarios inclusivos, seguros e respectuosos coa diversidade.

7.3. Investimento en educación formal

En relación co financiamento educativo, Galicia situouse en 2024 no posto 11 de 17 comunidades autónomas en porcentaxe do orzamento destinado á educación cun 19,26 %. No gasto per cápita, ocuparía a quinta posición máis baixa, cun investimento de 1.050 euros por habitante, máis de 100 euros por debaixo da media estatal de 1.166,70 euros.

Figura 23. Gasto público en educación por habitante: Galicia vs España (2024)



Elaboración propia a partir de datos do MEFPD e INE (2024)

Ademais, o incremento do investimento público en educación foi inferior ao doutras comunidades autónomas⁸⁷. En 2022, segundo os datos amosados polo Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes,⁸⁸

o aumento foi do 1,4 %, fronte ao 5,7 % de media estatal, tendencia que se mantivo en 2023, ano no que Galicia volveu situarse como a comunidade que menos incrementou o seu investimento educativo.

“Galicia destina o 19,26 % do seu orzamento á educación e 1.050 euros por habitante, por debaixo da media estatal (1.166,70 €).”

Á vista destes datos, **resulta fundamental incrementar o esforzo orzamentario en educación, reforzando especialmente as medidas compensatorias dirixidas ás familias con menos recursos, como as axudas para material escolar, bolsas de comedor ou acceso a actividades educativas e culturais, co obxectivo de garantir a igualdade real de oportunidades.**


Ademais, o sistema educativo enfróntase a un aumento exponencial das necesidades de apoio específico na infancia e adolescencia. Os departamentos operan a miúdo baixo unha presión que impide unha intervención profunda, limitándose en moitos casos a tarefas burocráticas ou de diagnóstico. Esta saturación rompe a posibilidade de realizar un seguimento continuado e personalizado, esencial para previr o fracaso escolar e o illamento social. Polo mesmo, resulta necesario **establecer e reforzar os equipos de orientación multidisciplinares nos centros educativos, garantindo un equipo por cada 15.000 NNA, integrados nun modelo de**

87. DatosMacro. (s.f.). *Presupuestos de las Comunidades Autónomas: Educación*. <https://datosmacro.expansion.com/estado/presupuestos/espana-comunidades-autonomas?sc=PR-G-F-32>

88. La Voz de Galicia. (2024, 2 de abril). *Galicia é la comunidad con maior incremento del gasto educativo en 2022, según datos del Ministerio de Educación*. La Voz de Galicia. <https://www.lavozdegacia.es/noticia/galicia/2024/04/02/galicia-comunidad-incremento-gasto-educativo-2022/00031712054862563999280.htm>



Figura 24. Incremento no investimento por comunidades autónomas entre os anos 2022 e 2023



Os valores están expresados en euros por habitante.
Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes (2022-2023)

tura, constitúe un ámbito fundamental de aprendizaxe, no que NNA desenvolven competencias sociais, emocionais e cívicas como o traballo en equipo, a autonomía, a participación ou o pensamento crítico. Trátase dun espazo clave para a construción de valores que favorecen a sociedades máis participativas, inclusivas e cohesionadas.

Con todo, o acceso a este tipo de recursos e actividades está moi condicionado por factores socioeconómicos e territoriais, o que pode agravar as desigualdades existentes.

Nun contexto marcado pola necesidade de reforzar políticas con enfoque de equidade, a educación non formal emerxe como unha ferramenta estratéxica para previr o abandono escolar, favorecer a inclusión e mellorar as oportunidades educativas, especialmente entre os colectivos en situación de maior vulnerabilidade.

A falta de recoñecemento institucional e de articulación efectiva entre a educación formal e non formal limita o potencial destas

atención integral á infancia e adolescencia en coordinación con outras políticas sociais e sanitarias.

7.4. Máis alá das aulas: o valor da educación non formal en Galicia

Garantir o dereito a unha educación equitativa e de calidade en Galicia require avanzar cara a unha concepción ampla e integral da educación, que inclúa non só o sistema educativo formal, senón tamén os espazos e procesos de aprendizaxe que se desenvolven fóra del.

A educación non formal, a que sucede no deporte, no lecer, no voluntariado ou na cul-



aprendizaxes, tanto en termos de desenvolvemento persoal como de valor social. Neste sentido, resulta necesario **promover modelos educativos integrados** que conecten os distintos tempos e espazos de aprendizaxe, na escola, na familia e na comunidade, favorecendo unha visión máis integral da educación, garantindo a coherencia das experiencias educativas da infancia e adolescencia e velando pola equidade e a igualdade de oportunidades.

A fenda educativa existente fóra da escola require que a administración asuma a educación non formal como un pilar estratéxico. Superar a falta de recursos neste ámbito é esencial para garantir que calquera NNA poi-

da participar en actividades que fortalezan o seu itinerario vital e formativo. Para iso, cómpre **reforzar o apoio á educación non formal** en Galicia como parte das políticas públicas de infancia e adolescencia, incrementando o investimento e desenvolvendo marcos normativos que garantan a súa calidade e accesibilidade.

Garantir o **acceso universal, equitativo e continuado** a actividades de ocio e tempo libre de carácter socioeducativo, recoñecendo o seu valor no desenvolvemento integral da infancia e da adolescencia, e **avanzando na identificación, acreditación e integración das competencias** adquiridas nestes contextos co sistema educativo formal.



**8. PARTICIPACIÓN INFANTIL:
A INFANCIA COMO SUXEITO
ACTIVO DE DEREITOS**



A participación infantil constitúe un dereito fundamental recoñecido no artigo 12 da Convención sobre os Dereitos do Neno⁸⁹, que establece o dereito dos NNA a expresar libremente a súa opinión e a seren escoitados en todos os asuntos que lles afectan. No ámbito estatal, a Lei Orgánica 1/1996 de protección xurídica do menor configura o principal marco regulador dos dereitos da infancia e serve de referencia para o desenvolvemento normativo das comunidades autónomas.

“A Convención sobre os Dereitos do Neno afirma que os nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a expresar a súa opinión libremente e a seren escoitados”

Esta lei incorpora o principio do interese superior da infancia e adolescencia, salientando o dereito á participación e á escoita activa en función do grao de madurez, así como a necesidade de garantir mecanismos efectivos que fagan posible o exercicio real destes dereitos.

A promoción da participación infantil non depende unicamente dos marcos normativos, senón tamén da existencia de entidades e espazos capaces de traducir ese dereito en prácticas reais.

8.1. Avances e limitacións no ámbito autonómico

Aínda que existe un recoñecemento normativo consolidado, a situación da participación infantil en Galicia presenta limitacións significativas. A Lei 3/2011 de apoio á familia e á convivencia recolle o dereito á participación da infancia e adolescencia, e establece medidas para a súa promoción. En particular, o artigo 42 recoñece o dereito da infancia a ser escoitada e a participar nos asuntos que lle afectan, reforzando o marco autonómico de protección destes dereitos. Porén, a realidade amosa que a súa implantación continúa a ser escasa e con incidencia limitada.

89. Naciones Unidas. (1989). *Convención sobre los Derechos del Niño: Artículo 12*. Oficina del Alto Comisionado de las Naciones Unidas para los Derechos Humanos. <https://www.ohchr.org/es/instruments-mechanisms/instruments/convention-rights-child>



Desde 2023, Galicia conta cun Consello Autonómico de Participación Infantil e Adolescente (CAIA), creado polo Decreto 12/2023⁹⁰ e integrado por 30 NNA de entre 10 e 17 anos. A súa composición inclúe 15 participantes procedentes de consellos locais de participación infantil, 10 vinculados á POIG e 5 pertencentes ao sistema de protección, entre os que destaca unha alta porcentaxe de nenos, nenas e adolescentes vulnerables. Para garantir o seu funcionamento efectivo, resulta necesario **reforzar a presenza deste órgano en espazos reais de toma de decisións e establecer mecanismos de rendi-**

ción de contas sobre os acordos adoptados, asegurando que as achegas dos NNA se traduzan de maneira efectiva en políticas públicas.

8.2. Coñecemento da participación infantil

O exercicio efectivo do dereito á participación require que as persoas profesionais implicadas coñezan o seu marco legal, principios metodolóxicos e ferramentas prácticas. En Galicia, a oferta formativa existente caracte-

rízase pola súa dispersión e carácter puntual, o que dificulta a consolidación de prácticas participativas reais e limita a capacidade de integrar a participación como un elemento estrutural nas intervencións con infancia e adolescencia.

Neste contexto, resulta prioritario **destinar recursos económicos e humanos á formación especializada en participación infantil desde un enfoque de dereitos, así como desenvolver programas estables de formación a profesionais do ámbito da infancia e adolescencia**. Estes procesos deben orientarse a garantir que a participación teña un impacto real nas decisións e que a infancia e adolescencia reciban información sobre os resultados derivados da súa implicación.

“Garantir o dereito á participación require que as persoas profesionais implicadas coñezan as súas bases legais, principios e metodoloxías”

Ademais, estes programas deben incorporar técnicas de comunicación adaptadas ás diferentes idades e contextos, criterios de accesibilidade universal e contidos prácticos que permitan trasladar a participación ao día a día profesional, evitando enfoques simbólicos ou puntuais.

8.3. Impacto e cobertura limitada no ámbito local

No ámbito local, a participación infantil e adolescente en Galicia estrutúrase princi-

palmente a través dos consellos locais de infancia e adolescencia, órganos clave para garantir o dereito á participación dos NNA nos asuntos que lles afectan. Na actualidade, existen 21 consellos locais en funcionamento, dos cales 16 están vinculados, en distinto grao, á iniciativa Cidades Amigas da Infancia de UNICEF (11 con recoñecemento, 3 candidatos en 2025 e 2 en proceso de presentación en 2026), mentres que outros 5 funcionan de maneira independente. Ademais, identificáronse arredor de 10 consellos con regulamento aprobado pero que non se atopan activos na práctica.

Estes datos evidencian tanto o avance na implantación de estruturas formais de participación a nivel local como a necesidade de reforzar o seu funcionamento efectivo, garantindo a súa continuidade, dinamización e capacidade real de incidencia nas políticas públicas municipais.

Segundo o *Informe de avaliación de impacto de Cidades Amigas da Infancia (2012–2023)*⁹¹. O 87,4 % das entidades locais recoñecidas afirma que todos os NNA acceden a servizos públicos esenciais de calidade, mentres que o 76,7 % de NNA valora positivamente a mellora do seu benestar e o da súa comunidade. Ademais, 8 de cada 10 NNA consideran que os consellos de participación contribúen a mellorar o seu municipio, o que evidencia o potencial transformador destes espazos.

En termos de equidade, preto do 70 % da infancia e adolescencia que viven en municipios recoñecidos como Cidades Amigas da Infancia percibe que o seu concello desenvolve accións específicas para apoiar a quen se atopa en situación de maior dificultade, aínda que persisten limitacións en determinados ámbitos de inclusión e protección. Así mesmo, a pertenza á rede asóciase coa

90. Xunta de Galicia. (2023). *Decreto 12/2023, do 19 de xaneiro, polo que se crea e regula o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia*. *Diario Oficial de Galicia*, núm. 25, do 6 de febreiro de 2023. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230206/AnuncioG0657-260123-0002_gl.html

91. UNICEF España (2023). *Informe de evaluación de impacto de los logros de Ciudades Amigas de la Infancia en España (2012–2023)*. <https://ciudadesamigas.org/documentos/informe-de-evaluacion-de-impacto-de-los-logros-de-ciudades-amigas-de-la-infancia-en-espana-2012-2023/>




implantación de políticas públicas concretas, especialmente en materia de mobilidade escolar segura, saúde mental infantil e inclusión de NNA con discapacidade.

Aínda que estes avances supoñen unha mellora respecto de anos anteriores, a cobertura territorial segue a ser limitada. Galicia conta con 313 concellos, o que implica que só arredor do 5 % dispón de consellos locais de participación infantil. Este dato evidencia que, malia os avances, a implantación destas estruturas continúa a ser moi reducida, polo

“Só o 5 % dos concellos galegos conta con consellos de participación infantil, malia os avances en redes como UNICEF Cidades Amigas da Infancia.”

que é prioritaria a creación de consellos locais de participación infantil no conxunto dos concellos galegos.

Figura 25. Cobertura dos consellos de participación infantil nos concellos galegos



Elaboración propia a partir de datos da Xunta de Galicia e do total de 313 concellos de Galicia

Entre os municipios que contan con consello local obsérvanse diferenzas relevantes no seu funcionamento: algúns presentan unha actividade consolidada, mentres que outros se atopan en fases iniciais ou con menor dinamismo. Por iso, resulta fundamental **construír estruturas estables, con dotación orzamentaria suficiente e capacidade real de incidencia na toma de decisións públicas**, reforzando o papel da infancia como suxeito activo de dereitos e axente de transformación social.

Xunto ás estruturas formais, existen tamén experiencias participativas en centros educativos, asociacións xuvenís, entidades sociais e proxectos comunitarios. O recoñecemento e fortalecemento destas iniciativas resulta clave para garantir a pluralidade de voces da infancia e adolescencia en Galicia





CONCLUSIÓN



A situación da infancia constitúe un indicador clave do benestar presente e futuro dunha sociedade. Garantir o pleno desenvolvemento de NNA require recoñcelos non só como destinatarios de políticas públicas, senón como **suxeitos de dereitos**, tal como establecen os marcos internacionais de protección da infancia. Este enfoque implica situar as súas necesidades, intereses e capacidades no centro da acción pública, asegurando que todas as decisións que lles afectan, estean orientadas a promover o seu desenvolvemento integral, a participación e a igualdade de oportunidades.

Neste contexto, resulta imprescindible reforzar o compromiso institucional mediante **un investimento público suficiente, sostido e baseada na evidencia**, que permita consolidar sistemas de protección, educación, saúde e benestar capaces de responder ás necesidades actuais da infancia e anticiparse aos retos emerxentes. O investimento en infancia non debe entenderse unicamente como un gasto social, senón como un **investimento estratéxico de alto retorno social**, capaz de previr desigualdades, fortalecer a cohesión social e mellorar as traxectorias vitais das novas xeracións.

Avanzar cara a políticas públicas máis eficaces require incorporar enfoques de **gobernanza anticipatoria**, que permitan identificar riscos emerxentes, analizar tendencias sociais e deseñar respostas preventivas antes de que as situacións de vulnerabilidade se consoliden. Este enfoque prospectivo require reforzar os sistemas de información, a avaliación continua das políticas e a planificación a medio e longo prazo. Neste sentido, o desenvolvemento de plans estratéxicos autonómicos de infancia constitúe unha ferramenta fundamental para articular unha acción pública coherente, coordinada e orientada a resultados. Estes plans deben integrar unha visión integral da infancia, promovendo a cooperación entre administracións e a participación activa dos distintos actores sociais implicados.



Do mesmo xeito, resulta esencial avanzar cara a unha **maior transversalidade dos enfoques nas políticas públicas**, incorporando de maneira sistemática a perspectiva de infancia en todos os ámbitos de intervención: educación, saúde, protección social, vivenda, urbanismo ou participación. Só mediante políticas intersectoriais e coordinadas será posible abordar a complexidade dos factores que inciden no benestar infantil e reducir as fendas de desigualdade.

Mirando cara ao futuro, o escenario deseñable é aquel no que NNA poidan desenvolverse en contornas seguras, inclusivas e accesibles, contando cos apoios necesarios para despregar plenamente as súas capacidades. Construír este horizonte implica apostar decididamente **por políticas preventivas, inclusivas e baseadas en dereitos**, capaces de anticipar riscos, reducir desigualdades e garantir que ningún neno ou nena quede atrás.

Neste marco, convén **destacar o papel fundamental que desempeñan as organizacións sociais**, cuxa labor resulta clave tanto na atención directa á infancia como na identificación temperá de necesidades emerxentes e na xeración de coñecemento a partir da experiencia directa. A súa proximidade ás realidades sociais, a súa capacidade de

innovación e o seu compromiso coa defensa dos dereitos da infancia convértenas en actores estratéxicos para complementar a acción pública, contribuír ao deseño de políticas máis axustadas á realidade e favorecer a participación da propia infancia e as súas familias. O fortalecemento destes espazos de colaboración entre administracións públicas e sociedade civil organizada permite avanzar cara a modelos de gobernanza máis abertos, participativos e eficaces. En definitiva, situar á infancia no centro das axendas públicas é unha cuestión ética e xurídica, pero tamén unha condición imprescindible para avanzar cara a sociedades máis xustas, cohesionadas e sostibles. Investir hoxe na infancia significa, en última instancia, **investir no futuro colectivo**.





PROPOSTAS



1. Políticas públicas de infancia: marco xurídico e estratexias de coordinación en Galicia

- » Impulsar a elaboración e aprobación dunha Lei galega de infancia que garanta políticas integrais de protección, promova a participación de NNA e asegure unha coordinación eficaz entre a administración e os axentes implicados.
- » Garantir a desagregación e asegurar o acceso a datos actualizados sobre a infancia en Galicia desde un enfoque de dereitos, que permita identificar mellor as desigualdades e evitar políticas xeneralistas pouco adaptadas ás necesidades reais da infancia.
- » Reforzar o funcionamento do Observatorio Galego da Familia e da Infancia a través da dotación de recursos humanos e técnicos suficientes, permitíndolle desenvolver de forma continuada funcións de análise, avaliación e proposta en materia de políticas públicas para a infancia.

2. Protección, benestar e garantías de dereitos da infancia en Galicia

2.1. Violencia contra a infancia

- » Adecuar a lexislación galega á LOPIVI e dotar de recursos ás distintas administracións para que poidan implementar de maneira efectiva o seu mandato.
- » Fomentar e apoiar o establecemento de estándares de protección infantil de carácter organizativo no seo das administracións, centros educativos e entidades en contacto con nenos, nenas e adolescentes.
- » Visibilizar a problemática da violencia e aumentar os recursos existentes de denuncia a través de campañas de sensibilización, buscando a tolerancia cero contra a violencia e adaptando a linguaxe e contidos ás necesidades da infancia e adolescencia.
- » Impulsar a implantación do *Modelo Barnahus* en Galicia como recurso de atención integral e multidisciplinar para nenos, nenas e adolescentes vítimas de violencia, que permita centra-



lizar os servizos xudiciais, sanitarios e sociais nunha contorna adaptada á infancia, garantindo a realización da proba preconstituída, evitando a revitimización e asegurando o respecto ao interese superior da persoa menor de idade.

» Desenvolver un programa de atención á saúde mental dos nenos, nenas e adolescentes afectados por Experiencias Adversas na Infancia, reforzando a capacidade do sistema sanitario galego para prever e reparar os efectos do trauma infantil desde un modelo preventivo, integral e centrado na resiliencia.

» Mellorar a capacidade do sistema de saúde para prever e identificar de forma precoz as Experiencias Adversas na Infancia, así como para desenvolver estratexias específicas de seguimento e apoio profesional baixo un modelo de atención orientado ao trauma e á promoción da parentalidade positiva.

2.2. Os desafíos da era dixital aos que se enfronta a adolescencia

» Prever e minimizar os riscos asociados ao uso de tecnoloxías na infancia e adolescencia, a partir dunha lei que aborde problemáticas como a adicción dixital, o illamento social, a perda de habilidades, a exposición a contidos inadecuados e a violencia dixital, así como promover un uso seguro das mesmas.

» Implicar ás familias da infancia e adolescencia no acompañamento dixital, ofrecéndolles recursos e orientación para mellorar a súa capacidade de prevención e intervención ante posibles riscos dixitais.

» Asegurar unha integración coherente da tecnoloxía nas aulas garantindo a democratización da dixitalización para que a adolescencia teña as mesmas oportu-

nidades de crecemento, mediante unha alfabetización dixital crítica, saudable e produtiva.

2.3. O sistema de protección en Galicia: un modelo en transición cara á garantía de dereitos

» Realizar unha avaliación do sistema de protección para identificar e corrixir as carencias e incoherencias existentes.

» Reducir a ratio de expedientes por profesional nos servizos de protección á infancia e adolescencia, co obxectivo de garantir unha atención individualizada e de calidade, permitindo aos ETM un seguimento axeitado e unha toma de decisións máis áxil e eficaz sobre as situacións dos NNA tutelados.

» Incrementar o investimento no sistema de protección para mellorar a calidade das intervencións, reducindo a ratio de persoal dos equipos técnicos do menor por caso.

» Incrementar os espazos de preservación familiar suficientes e especializados na conservación e recuperación das capacidades parentais evitando ao máximo a entrada no sistema de protección.

» Priorizar o acollemento familiar como primeira opción cando un NNA entra no sistema de protección, especialmente no caso de menores de 6 anos, garantindo o cumprimento da normativa vixente.

» Investir en programas que incrementen o coñecemento sobre o acollemento familiar para aumentar o número de familias en familia allea dispoñibles, axilizar os procesos de valoración de idoneidade e axustar as retribucións ás necesidades reais das familias acolledoras.

» Formar e informar adecuadamente ás familias interesadas na adopción, co obxectivo de que realicen ofrecementos adoptivos axustados á realidade dos perfís dos nenos, nenas e adolescentes en situación de adoptabilidade, como menores de maior idade, con necesidades específicas ou pertencentes a grupos de tres ou máis irmáns, promovendo así unha adopción centrada nas necesidades, nos dereitos e no desenvolvemento integral da infancia.

» Fortalecer os programas de apoio e autonomía persoal da xuventude que abandone o sistema de protección aos 18 anos, facilitando a súa emancipación.

3. Análise da pobreza e carencia material na infancia galega

» Priorizar nas políticas activas de emprego a pais, nais ou titores/as con fillos/as a cargo e fomentar recursos de apoio que garantan a conciliación familiar.

» Impulsar políticas e orzamentos específicos de vivenda con familias con fillos e fillas a cargo, aumentando o acceso a vivendas públicas, creación dun parque público básico de emerxencia e procedementos para a prevención de desafiuzamentos.

» Avanzar na mellora da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) cara a unha renda garantida de cidadanía, corrixindo o escalamento do limiar de pobreza para poder incluír ao maior número de fogares vulnerables con fillos e fillas a cargo. Para iso, recoméndase modificar a Lei de Inclusión Social de Galicia, asegurando tanto unha simplificación burocrática na súa tramitación como unha adecuada complementariedade entre a RISGA e o Ingreso Mínimo Vital (IMV), para complementar este último ata o limiar de pobreza relativa.

» Elaboración inmediata do Plan de apoio ás familias monoparentais para facer fronte aos elevados índices de pobreza que padecen (o 83% están encabezados por unha muller) e cumprir co establecido no artigo 40 da Lei de Impulso Demográfico de Galicia. Ademais, apoiar especificamente ás familias con nenos, nenas e adolescentes a cargo con discapacidade.

» Garantir a través de plans operativos específicos de Garantía Infantil que Galicia destinará un mínimo do 5 % dos recursos do Fondo Social Europeo + do marco plurianual 2021-2027 á redución da pobreza infantil.

4. Saúde mental na infancia e adolescencia: cara a un modelo de atención preventivo e multidisciplinar

» Elevar a atención en saúde mental ata os 21 anos, ampliando e garantindo o acompañamento da mocidade na súa transición á vida adulta.

» Reforzar a atención sanitaria infanto-xuvenil mediante o incremento do número de profesionais de enfermaría, psicoloxía, educación social e terapia ocupacional especializados no ámbito infanto-xuvenil e a incorporación de suficientes Unidades de Saúde Mental infanto-xuvenil (USM I-X) de carácter multidisciplinar en Atención Primaria.

» Asegurar a atención sociosanitaria dos nenos, nenas e adolescentes no sistema de protección, mediante a sinatura dun convenio entre as consellerías competentes en Política Social e Sanidade, para a asignación de persoal sanitario a recursos específicos de protección infantil, especialmente psiquiatras e terapeutas ocupacionais.





» Ampliar a capacidade de hospitalización específica ata acadar o número de camas necesario para garantir unha atención adecuada, en termos de equidade, seguridade e calidade, especialmente nos momentos de maior risco.

» Poñer o foco na prevención, reforzando o conxunto de profesionais de orientación con equipos multidisciplinares nos colexios, fortalecendo e ampliando a Rede de Atención Temperá, executando políticas públicas máis proactivas contra o acoso e o ciberacoso.

» Establecer canles de comunicación efectivas entre profesionais e institución implicadas na prevención e detección de problemáticas de Saúde Mental: escola, centro de saúde, consulta especializada.

5. Desafíos na atención temperá en Galicia: diagnóstico de cobertura e atención.

» Incremento do financiamento para asegurar a extensión da Rede Galega aos 313 concellos da comunidade e a estabilidade, mellora e homoxeneización das condicións salariais e laborais dos equipos profesionais.

» Elaborar un Plan Interdepartamental de Atención Temperá guiado por criterios profesionais de calidade, que facilite un despregamento ordenado e con medios suficientes de todos os servizos que precisa a rede galega de atención temperá, cunha distribución planificada, ben dimensionada, obxectiva e rigorosa dos recursos, unhas instalacións dignas, equipos estables con formación e actualización continua e unha guía de estándares e procesos que supervisen a súa eficacia.

» Implementar en Galicia un modelo estable de financiamento autonómico baseado no concerto social plurianual e na elaboración e aplicación dunha normativa de autorización e acreditación dos servizos.

6. Cara a equidade real: diversidade e inclusión da infancia en Galicia

6.1 Romper as barreiras para a inclusión desde un enfoque da infancia con discapacidade

» Garantir unha atención temperá especializada nas necesidades dos nenos, nenas e adolescentes con parálise cerebral e das súas familias, estendendo a rehabilitación máis aló dos 6 anos nos casos de parálise cerebral e/ou outras patoloxías afíns.

» Definir e aprobar unha estratexia socio-sanitaria para os NNA con parálise cerebral que garanta unha atención completa e coordinada desde o nacemento (profesional de referencia, coordinación de citas médicas, accesibilidade e adaptación das probas médicas).

» Incrementar os medios humanos e materiais para garantir unha educación inclusiva que dote aos nenos, nenas e adolescentes dos recursos, axudas técnicas e produtos de apoio necesarios para favorecer a súa autonomía e participación na escola.

» Promover formación especializada para o persoal dos centros educativos, que lles permita ofrecer unha atención adecuada e individualizada ao alumnado con necesidades educativas especiais.

» Promover plans de atención individualizado para o alumnado en función das súas capacidades e necesidades formativas, acompañados de formación especializada para o persoal dos centros educativos que lles permita ofrecer unha atención axeitada e individualizada ao alumnado con necesidades educativas especiais.

» Incorporar a valoración dos distintos tipos de discapacidade no *Plan de Atención á Diversidade* de cada centro educativo e nos

protocolos públicos, co fin de deseñar medidas específicas para cada colectivo, cun desenvolvemento máis profundo e detallado do que recolle a normativa actual.

» Asegurar o acceso a unha educación accesible e igualitaria en todas as etapas educativas, máis aló da educación obrigatoria, garantindo os apoios humanos e materiais necesarios para que o alumnado con discapacidade poida continuar os seus estudos nas mesmas condicións que o resto do alumnado.

» Incrementar os centros e prazas especializadas de atención a nenos, nenas e adolescentes con discapacidade con grandes necesidades de apoio no sistema público de protección de menores, garantindo que reciban unha atención adecuada ás súas necesidades específicas.

6.2 Fendas que persisten na infancia e adolescencia xitana

» Mellorar o acceso e a permanencia da infancia e adolescencia xitana no sistema educativo, especialmente nas etapas temperás, así como impulsar programas específicos de apoio e acompañamento escolar.

» Desenvolver un plan estatal orientado ao éxito educativo da infancia xitana en situación de pobreza, dotado de recursos suficientes e baseado en medidas de prevención, reforzo escolar, orientación socioeducativa e apoio ao alumnado e ás súas familias.

» Impulsar medidas para erradicar o chabolismo como forma extrema de pobreza infantil e de vulneración de dereitos que afecta especialmente á infancia xitana, asegurando a transición a unha vivenda digna e adecuada das familias xitanas con nenos, nenas e adolescentes a cargo.



6.3 Desafíos de cobertura, fenda dixital e despoboamento da infancia do rural

» Proporcionar apoios ás familias do rural con nenos, nenas e adolescentes para que poidan cumprir coas súas responsabilidades de crianza, mediante unha mellora de infraestruturas de servizos básicos, transporte e comunicacións, para garantir a eficiencia destes recursos e promover a equidade territorial.

» Facilitar o acceso a actividades extraescolares mediante unha mellora do transporte e un incremento da oferta adaptada aos intereses da infancia e adolescencia do rural.

» Garantir conexión a internet de banda ancha, o acceso universal ás tecnoloxías nos fogares e formacións en competencias dixitais nas contornas rurais galegas, así como reducir a fenda dixital, poñendo o foco no rural e nos colectivos en situación de vulnerabilidade.

6.4. LGTBIQ+: diversidade e protección fronte á discriminación e odio

» Crear plans e programas que promovan a igualdade, o respecto, o acompañamento e a inclusión da infancia e adolescencia LGTBIQ+, incorporando medidas específicas para a infancia e mocidade trans.

» Desenvolver programas integrais de atención e acompañamento á infancia e mocidade trans e ás familias, así como reforzar a coeducación e a educación afectivo-sexual nas aulas.

» Impulsar programas de formación dirixidos ao profesorado e persoal do ámbito social e sanitario sobre diversidade afectivo-sexual e identidade de xénero, garantindo unha intervención axeitada e respectuosa.



» Establecer protocolos claros para a prevención, detección e intervención fronte ao acoso LGTBfóbico nos centros educativos, garantindo o acceso a servizos de acompañamento psicolóxico e social para a infancia e xuventude LGTBQ+ e as súas familias.

» Garantir o acceso a unha atención sanitaria próxima, de calidade e non patolóxizante para a infancia e mocidade trans con profesionais da saúde formados, sensibilizados e protocolos específicos de actuación.

6.5 Dereitos da infancia migrante non acompañada: o reto da acollida, solidariedade e o interese superior da infancia

» Aprobar un plan galego de acollida e inclusión dos nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados, con recursos, prazos, estándares de calidade, protocolos de coordinación interadministrativa e mecanismos de avaliación pública.

» Avaliación individualizada que garanta o interese superior do menor, o dereito a ser escoitado en todos os procedementos que lle afecten como nos traslados entre comunidades autónomas, na asignación de recurso, tramitación de documentación, acceso á protección internacional, escolarización, atención sanitaria, medidas de protección e planificación da transición á vida adulta.

» Implantar un sistema de calidade, participación, indicadores públicos e mecanismos de queixa seguros, garantindo a voz da infancia e adolescencia e a rendición de contas do sistema.

» Priorizar un modelo de acollida desinstitucionalizado e comunitario, baseado en

recursos pequenos, casas de familia, miniresidencias, vivendas tuteladas e acollemento familiar especializado.

» Promover o acollemento familiar de nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados mediante campañas de sensibilización, formación específica a familias e apoio continuado.

» Reforzar os demais procedementos e recursos de acollida e protección como centros de primeira acollida e recepción, unidades especializadas de avaliación inicial, recursos residenciais de pequeno tamaño, vivendas tuteladas, programas de autonomía e centros de emancipación.

» Establecer avaliacións profesionais iniciais tanto sociais, psicolóxicas, sanitarias e xurídicas co fin de identificar situacións de vulnerabilidade, posibles necesidades de protección internacional ou indicios de trata. A partir desta análise, debe asignarse unha resposta personalizada, evitando derivacións automáticas ou baseadas unicamente na dispoñibilidade de prazos.

» Desenvolver itinerarios específicos de apoio para adolescentes e mocidade extutelada ao cumprir a maioría de idade, facilitando permisos de traballo, acceso a vivendas asistidas, formación profesional, orientación laboral e mentores de referencia.

7. O dereito á educación e a equidade nos espazos educativos

» Ampliar a cobertura da educación 0 a 3 anos, harmonizando criterios de acceso entre a oferta pública e privada e priorizando ás familias máis vulnerables.

» Reforzar políticas educativas con enfoque de equidade que axuden a reducir e

a previr o fracaso e o abandono escolar, facendo fincapé nos sectores máis vulnerables da infancia e adolescencia mediante medidas de orientación, de apoio e de reforzo educativo adaptadas ás necesidades do alumnado.

» Mellorar a formación do profesorado en relación á infancia e adolescencia en risco de exclusión e con necesidade de apoio educativo.

» Incrementar a porcentaxe de investimento autonómico destinada á educación, reforzando as medidas compensatorias destinadas ás familias con menos recursos, tales como axudas de material escolar, acceso a becas comedor e actividades escolares.

» Establecer e reforzar os equipos de orientación multidisciplinares nos centros educativos garantindo un equipo por cada 15.000 nenos, nenas e adolescentes, integrados nun modelo de atención integral á infancia e adolescencia en coordinación con outras políticas sociais e sanitarias.

» Promover modelos educativos integrados que conecten os distintos tempos e espazos de aprendizaxe, na escola, na familia e na comunidade, favorecendo unha visión máis integral, garantindo a coherencia das experiencias educativas e velado pola equidade de oportunidades.

» Reforzar o apoio á educación non formal en Galicia como parte das políticas públicas de infancia e adolescencia, incrementando o investimento e desenvolvendo marcos normativos que garantan a súa calidade e accesibilidade.



» Asegurar o acceso universal a actividades de ocio e tempo libre de carácter socioeducativo, avanzar no recoñecemento das competencias adquiridas nestes contextos e na súa integración co sistema educativo formal.

8. Participación infantil: a infancia como suxeito activo de dereitos

» Promover a participación do CAIA na toma de decisións políticas en todos os asuntos que lles son de interese, así como establecer mecanismos de rendición de contas das administracións nestes espazos, mediante a avaliación dos compromisos asumidos.

» Destinar recursos económicos e humanos á formación especializada das persoas profesionais que traballan coa infancia e adolescencia sobre participación infantil e adolescente desde un enfoque de dereitos da infancia.

» Promover a creación de consellos locais de participación infantil en todos os concellos de Galicia.

» Construír estruturas estables de participación con dotación orzamentaria suficiente e capacidade real de incidencia na toma de decisións públicas, reforzando o papel da infancia como suxeito activo de dereitos e axente de transformación social.



REFERENCIAS
BIBLIOGRÁFICAS



ACNUR, & Universidad Pontificia Comillas. (2022). *Guía para profesionales que trabajan con niños y niñas refugiados no acompañados y separados*. ACNUR. <https://www.acnur.org/es-es/sites/es-es/files/2023-04/638a08d44.pdf>

Agareso. (2024). *Os centros de ensino galegos non son “espazos seguros” para o alumnado LGBT*. <https://www.agareso.org/gl/os-centros-de-ensino-galegos-non-son-espazos-seguros-para-o-alumnado-lgbt/>

Barudy, J., & Dantagnan, M. (2005). *Los buenos tratos a la infancia: Parentalidad, apego y resiliencia*. Gedisa. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=255299>

Caballero, E. (2024, 17 de xullo). *Solo un 1% de los jóvenes tutelados en España accede a la universidad*. *La Razón*. https://www.larazon.es/sociedad/solo-1-jovenes-tutelados-espana-accede-universidad_20240717669797ff301df700011a6ffa.html

Carballo, D. (2024, 31 de maio). *Ciberacoso desplomado: colegios: prohibición móviles señala inspectora*. *GaliciaPress*. <https://www.galiciapress.es/articulo/sociedad/2024-05-31/4851055-c-iberacoso-desplomado-colegios-prohibicion-moviles-senala-inspectora>

Ceriani Cernadas, P., & UNICEF Comité Español. (2019). *Los derechos de los niños y niñas migrantes no acompañados en la frontera sur española*. UNICEF Comité Español. <https://www.unicef.es/sites/unicef.es/files/recursos/informe-ninos-migrantes-no-acompanados.pdf>

Comisión Europea. (s. f.). *European Child Guarantee*. https://employment-social-affairs.ec.europa.eu/policies-and-activities/social-protection-social-inclusion/addressing-poverty-and-supporting-social-inclusion/investing-children/european-child-guarantee_en

DatosMacro. (s. f.). *Presupuestos de las Comunidades Autónomas: Educación*. <https://datosmacro.expansion.com/estado/presupuestos/espana-comunidades-autonomas?sc=PR-G-F-32>

EAPN España. (2024). *XIV Informe del Estado de la Pobreza en Galicia*. <https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/XIV-Informe-Estado-Pobreza-Galicia.pdf>



EAPN España. (2025). *XV Informe estatal sobre el Estado de la Pobreza 2025*. <https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/XV%20Informe%20EL%20ESTADO%20DE%20LA%20POBREZA-%202025%20general.pdf>

España. (1979, 11 de xaneiro). *Ley 77/1978, de 26 de diciembre, de modificación de la Ley de Peligrosidad y Rehabilitación Social y de su Reglamento*. *Boletín Oficial del Estado*. <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1979-700>

España. (2021, 5 de xuño). *Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia*. *Boletín Oficial del Estado*. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2021-9347>

España. (2023, 1 de marzo). *Ley 4/2023, de 28 de febrero, para la igualdad real y efectiva de las personas trans y para la garantía de los derechos de las personas LGTBI*. *Boletín Oficial del Estado*. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2023-5366>

España. (2023). *Mapa de cobertura de banda ancha en España a xuño de 2023*. Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. <https://experience.arcgis.com/experience/6f779bc7528e4466b11ab9d251d6e1d1/page/FTTH>

España. (2023). *Mapa da pobreza infantil en España*. Alto Comisionado para la Lucha contra la Pobreza Infantil. <https://www.comisionadopobrezainfantil.gob.es/es/datos-e-indicadores/pobreza-infantil>

España. (2025, 25 de febreiro). *Resolución de 13 de febrero de 2025, de la Secretaría de Estado de Derechos Sociales, por la que se publica el Acuerdo del Consejo Territorial...* *Boletín Oficial del Estado*. <https://www.boe.es/boe/dias/2025/02/25/pdfs/BOE-A-2025-3770.pdf>

España. (2025, 3 de xuño). *Real Decreto 422/2025, de 3 de junio...* *Boletín Oficial del Estado*. <https://www.boe.es/eli/es/rd/2025/06/03/422/dof/spa/pdf>

España. (2025, 18 de marzo). *Real Decreto-ley 2/2025, de 18 de marzo...* *Boletín Oficial del Estado*. https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2025-5404

European Union Agency for Asylum. (2018). *Guidance on reception conditions for unaccompanied children: Operational standards and indicators*. <https://www.euaa.europa.eu/sites/default/files/Guidance-reception-unaccompanied-children-standards-and-indicators-ES.pdf>

Ferreiro-Núñez, X., & Caride-Gómez, J. A. (2024). *Políticas de infancia y adolescencia en la Unión Europea: evolución y retos*. *Revista de Política Social*, 12(1), 45–68. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=9389238>

Fiscalía General del Estado. (2024). *Menores extranjeros no acompañados*. En *Memoria da Fiscalía Xeral do Estado (2024)*. https://www.fiscal.es/memorias/memoria2024/FISCALIA_SITE/capitulo_III/cap_III_4_7.html

Fundación ANAR. (2025). *Informe anual Teléfono/Chat ANAR 2024*. <https://www.anar.org/actualidad/informes/>

Fundación Española para la Prevención del Suicidio. (2022). *Observatorio del suicidio en España 2021*. <https://www.fsme.es/observatorio-del-suicidio-2021/>

Fundación Secretariado Gitano. (2023, 5 de setembro). *El 62,8 % de jóvenes gitanos de 16 a 24 años no se gradúan en ESO, frente al 4 % de la población general, según un estudio*. *Europa Press*. <https://www.europapress.es/epsocial/igualdad/noticia-628-jovenes-gitanos-16-24-anos-no-graduan-eso-frente-poblacion-general-estudio-20230905145606.html>

Gobierno de España, Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. (2016). *Estudio-Mapa sobre vivienda y población gitana, 2015*. <https://www.gitanos.org/upload/29/29/informecompletoe-mobreviviendaypg.pdf>

ILGA-Europe. (2025). *Rainbow map*. <https://rainbowmap.ilga-europe.org/>

Instituto Nacional de Estadística. (2023). *Tasa neta de escolarización de 5 años, por sexo y comunidad autónoma*. <https://www.ine.es/jaxi/Tabla.htm?L=0&tpx=53271>

iCmedia Galicia. (2024). *Jóvenes e Internet en Galicia 2024*. <https://periodistasdegalicia.es/wp-content/uploads/2024/05/JOVENES-E-INTERNET-2024-1.pdf>

La Voz de Galicia. (2024, 2 de abril). *Galicia é la comunidad con maior incremento del gasto educativo en 2022, según datos del Ministerio de Educación*. *La Voz de Galicia*. <https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2024/04/02/galicia-comunidad-incremento-gasto-educativo-2022/00031712054862563999280.htm>

Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030. (2022). *Estrategia de erradicación de la violencia sobre la infancia y la adolescencia (2023-2030)*. Gobierno de España. https://www.juventudeinfancia.gob.es/sites/default/files/Estrategia_Erradicacion_Violencia_ContraInfancia.pdf

Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030. (2025, 31 de xaneiro). *Se aprueba el primer acuerdo estatal para mejorar la atención temprana y reducir los tiempos de espera*. <https://www.dsca.gob.es/es/comunicacion/notas-prensa/se-aprueba-primer-acuerdo-estatal-mejorar-atencion-temprana-reducir>

Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. (2026). *Personas menores no*

acompañadas y jóvenes extutelados con autorización de residencia en vigor: nota de análisis. Observatorio Permanente de la Inmigración. https://www.inclusion.gob.es/documents/3976286/3995073/stock_menores_nota.pdf/004304b5-890e-b156-39f1-01ba9e

Ministerio de Sanidad. (2023). *Protocolo común de actuación sanitaria frente a la violencia en la infancia y la adolescencia*. https://www.sanidad.gob.es/areas/promocionPrevencion/prevencionViolencia/infanciaAdolescencia/docs/Protocolo_comun_sanitario_violencia_infancia_adolescencia.pdf

Ministerio de Sanidad. (2022). *Estrategia de salud mental del Sistema Nacional de Salud: período 2022-2026*. https://www.sanidad.gob.es/bibliotecaPub/repositorio/libros/29236_estrategia_de_salud_mental_del_Sistema_Nacional_de_Salud_2022-2026.pdf

Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social. (2019). *Criterios de cobertura, calidad y accesibilidad en acogimiento residencial*. <https://www.msbs.gob.es/ssi/familiasInfancia/docs/AcogimientoResidencialCriterios.pdf>

Naciones Unidas. (1989). *Convención sobre los Derechos del Niño*. Oficina del Alto Comisionado de las Naciones Unidas para los Derechos Humanos. <https://www.ohchr.org/es/instruments-mechanisms/instruments/convention-rights-child>

Naciones Unidas. (2010). *Aplicación de la Convención sobre los derechos de las personas con discapacidad: Informe inicial presentado por España*. Comité sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad. <https://docstore.ohchr.org/SelfServices/FilesHandler.ashx?enc=6QkG1d%2FPPrICAqhKb7yhsIxq2MuIDp%2FqMKQ6SGOn0%2FMBdulZH8A01PZGFy7d8T7S1FzAwLzRO7bqCB7Ksr2%2B9R38yxSHLsWH-3mWHh7r1laHMOUV51XuuAg1EtQc0bClj>



Organización Mundial de la Salud. (2022). *Maltrato infantil*. <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/child-mal-treatment>

OSIMGA. (2024). *Rapaciñ@s dixitais. Edición 2023*. Xunta de Galicia. <https://www.osimga.gal/gl/informes/rapacins-dixitais-edicion-2023>

PlataformadeInfancia.(2023).*Posicionamiento sobre la desinstitucionalización*. <https://www.plataformadeinfancia.org/wp-content/uploads/2023/10/Posicionamiento-Desinstitucionalizacion-WEB.pdf>

Rodrigo López, M. J. (2015). *Preservación familiar y parentalidad positiva: dos enfoques en convergencia*. RTS: Revista de Treball Social, (204), 36–47. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5165311>

Rodrigo López, M. J., Martín Quintana, J. C., Máiquez Chaves, M. L., & Byrne, S. (2008). *Preservación familiar: un enfoque positivo para la intervención con familias*. Pirámide. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/libro?codigo=381019>

Save the Children. (s. f.). *Modelo Barnahus*. <https://www.savethechildren.es/modelo-barnahus>

Save the Children. (2024, 27 de xuño). *Orgullo LGTBIQ+: Casi la mitad de la población adolescente europea se siente discriminada por su orientación sexual o su identidad de género, según la FRA*. <https://www.savethechildren.es/notasprensa/orgullo-lgtbiq-casi-la-mitad-de-la-poblacion-adolescente-europea-se-siente-discriminada>

Servizo Galego de Saúde. (s. f.). *Plan de saúde mental 2020-2024*. RUNA. <https://runa.sergas.es/xmlui/handle/20.500.11940/14102>

Smith, P. K., Mahdavi, J., Carvalho, M., Fisher, S., Russell, S., & Tippett, N. (2008). Cyberbu-

llying: Its nature and impact in secondary school pupils. *Journal of Child Psychology and Psychiatry*, 49(4), 376–385. <https://doi.org/10.1111/j.1469-7610.2007.01846.x>

Sundararajan, V., & Suresh, S. (2019). Use of Internet among rural teenagers: Pattern of usages, awareness, and associated health hazards. *International Journal of Research in Engineering, Science and Management*, 2(6), 1–5. https://www.researchgate.net/publication/334493383_Use_of_Internet_among_Rural_Teenagers_Pattern_of_Usages_Awareness_and_Associated_Health_Hazards

UNICEF. (2021). *Protección infantil: El contexto global de la violencia contra la infancia*. <https://www.unicef.es/causas/proteccion-infantil>

UNICEF España. (2021). *Informe regional: Europa. Estado mundial de la infancia 2021: En mi mente*. <https://www.unicef.es/publicacion/informe-regional-europa-estado-mundial-de-la-infancia-2021-en-mi-mente>

UNICEF España. (2022). *Ver para proteger: claves para comprender la violencia contra niños, niñas y adolescentes y para desarrollar medidas de protección eficaces*. <https://infanciayfamilias.castillalamancha.es/sites/default/files/2022-05/guia-ver-para-proteger.pdf>

UNICEF España. (2024, 17 de outubro). *España destina solo un 1,5 % del PIB para proteger a los niños y niñas*. <https://www.unicef.es/noticia/espana-destina-solo-un-15-del-pib-proteger-los-ninos-y-ninas>

UNICEF España. (2025). *Barómetro de opinión de la infancia y adolescencia 2023–2024*. <https://www.unicef.es/publicacion/barometro-infancia-adolescencia/informe-2023-2024>

UNICEF, & World Health Organization. (2019, 5 de novembro). *Increase in child and adolescent mental disorders spurs new push for ac-*

tion by UNICEF and WHO. <https://www.unicef.org/press-releases/increase-child-and-adolescent-mental-disorders-spurs-new-push-action-unicef-and-who>

UNICEF España (2023). *Informe de evaluación de impacto de los logros de Ciudades Amigas de la Infancia en España (2012–2023)*. <https://ciudadesamigas.org/documentos/informe-de-evaluacion-de-impacto-de-los-logros-de-ciudades-amigas-de-la-infancia-en-espana-2012-2023/>

Villar, C. (2025, 7 de febreiro). *La Xunta vigila en centros educativos el riesgo suicida de 314 escolares*. Faro de Vigo. <https://www.farodevigo.es/galicia/2025/02/07/xunta-vigila-centros-educativos-riesgo-suicida-114063876.html>

World Health Organization. (2022, 17 de xuño). *WHO highlights urgent need to transform mental health and mental health care*. <https://www.who.int/es/news/item/17-06-2022-who-highlights-urgent-need-to-transform-mental-health-and-mental-health-care>

Xefatura do Estado. (1996). *Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de protección jurídica del menor, de modificación parcial del Código Civil y de la Ley de Enjuiciamiento Civil*. Boletín Oficial del Estado. <https://www.boe.es/buscar/pdf/1996/BOE-A-1996-1069-consolidado.pdf>

Xunta de Galicia. (s. f.). *Adopción*. Política Social. <https://politicasocial.xunta.gal/gl/areas/familia-e-infancia/adopcion>

Xunta de Galicia. (s. f.). *Protección de la infancia*. <https://politicasocial.xunta.gal/es/areas/familia-e-infancia/proteccion-de-la-infancia>

Xunta de Galicia. (2005, 16 de agosto). *Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia*. Diario Oficial de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2005/20050816/Anuncio1BDC6_gl.html

[xunta.gal/dog/Publicados/2005/20050816/Anuncio1BDC6_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2005/20050816/Anuncio1BDC6_gl.html)

Xunta de Galicia. (2011). *Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia*. Diario Oficial de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20110713/AnuncioC3B0-050711-4044_gl.html

Xunta de Galicia. (2014). *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*. Diario Oficial de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140425/AnuncioC3B0-220414-0001_gl.html

Xunta de Galicia. (2022). *Estatística de protección de menores*. <https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/publicacions/estadistica-de-proteccion-de-menores>

Xunta de Galicia. (2023). *Decreto 12/2023, do 19 de xaneiro, polo que se crea e regula o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia*. Diario Oficial de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230206/AnuncioG0657-260123-0002_gl.html

Xunta de Galicia. (2024). *Taxa de escolarización para 0-3 anos en Galicia: Curso 2023/2024*. <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/009050/rueda-resalta-que-galicia-lidera-por-segundo-ano-consecutivo-tasa-escolarizacion>

Xunta de Galicia. (2024). *Rapaciñ@s dixitais. Edición 2023*. OSIMGA. <https://www.osimga.gal/gl/informes/rapacins-dixitais-edicion-2023>

Xunta de Galicia. (2025, 20 de xaneiro). *A Xunta segue consolidando a rede de casas nido no rural cunha inversión de 10,5 M€ para garantir a súa continuidade ata o ano 2028*. <https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/009044/xunta-sigue-consolidando-red-casas-nido-rural-con-una-inversion-10-5-para-garantizar>



Xunta de Galicia. (2025, 28 de xaneiro). *Galicia continúa entre as comunidades de España con menor abandono educativo temperán e dótase do novo Plan FPGal360 para reducir ao mínimo esta taxa*. <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/009278/galicia-continua-entre-comunidades-espana-con-menor-abandono-educativo-temperan>

Xunta de Galicia. (2025). *Procedemento de actuación fronte ás situacións de violencia na infancia e na adolescencia en Galicia no ámbito da saúde* (ed. actualización setembro 2025). Consellería de Sanidade & Servizo Galego de Saúde. https://www.sergas.gal/Violencia-na-infancia-e-na-adolescencia/Documents/20/Ultima_version_Protocolo_Galicia_setembro2025.pdf

Xunta de Galicia. (2026, 2 de marzo). *Rueda anuncia que la Xunta comienza la tramitación del anteproyecto de la primera ley gallega de infancia y adolescencia*. <https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/021983/rueda-anuncia-que-xunta-comienza-tramitacion-del-anteproyecto-primera-ley-galle-ga-infancia-y-adolescencia>





ÍNDICE FIGURAS

Figura 1. Porcentaxe de menores en risco de pobreza ou exclusión social na UE.....	28
Figura 2. Chamadas ao Teléfono de Axuda á Infancia por 1.000 NNA nas comunidades autónomas.....	30
Figura 3. Distribución dos casos de violencia contra a infancia e adolescencia (2024).....	31
Figura 4. Casos de violencia contra a infancia e adolescencia en España (2023–2024).....	32
Figura 5. Uso de dispositivos electrónicos na infancia e adolescencia en Galicia.....	35
Figura 6. Acceso a contidos pornográficos en menores de 12 a 16 anos segundo sexo.....	35
Figura 7. Distribución de familias acolledoras por provincia en Galicia (2024).....	41
Figura 8. Número de NNA en acollemento residencial por provincia do ano 2024.....	42
Figura 9. Porcentaxe de NNA en risco de pobreza ou exclusión social (AROPE) en España.....	49
Figura 10. Comparativa da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (AROPE) en NNA: Galicia e España (2025).....	49
Figura 11. Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (AROPE) segundo o tipo de fogar (España, 2024).....	52
Figura 12. Evolución dos principais problemas de saúde mental na infancia en España (2016–2022).....	58
Figura 13. Evolución das prescricións de psicofármacos en menores de 19 anos en Galicia (2019–2023).....	59



Figura 14. Porcentaxe de consultas ao Teléfono de Axuda á Infancia segundo idade da persoa e tipoloxía do contacto para España (2026).....	62
Figura 15. Porcentaxe de NNA que recibiron atención temperá en España en 2023.....	68
Figura 16. Niveis de pobreza na infancia xitana en España.....	78
Figura 17. Fenda educativa entre mocidade xitana e poboación xeral en España.....	79
Figura 18. Peso da poboación infantil segundo ámbito territorial en Galicia.....	81
Figura 19. Acceso a fibra óptica (FTTH) en Galicia segundo ámbito territorial.....	84
Figura 20. Porcentaxe de NNA LGTBIQ+ que sufriron agresións.....	87
Figura 21. Taxa de abandono escolar temperán: Galicia vs España (2024).....	99
Figura 22. Desigualdades educativas en colectivos vulnerables en España (2024).....	99
Figura 23. Gasto público en educación por habitante: Galicia vs España (2024).....	100
Figura 24. Incremento no investimento por comunidades autónomas entre os anos 2022 e 2023.....	101
Figura 25. Cobertura dos consellos de participación infantil nos concellos galegos.....	111



plataforma de
organizaci3ns
de **infancia**
galicia



A súa voz é a nosa

ww.infanciagalicia.org

Rúa Manuel María nº6
15705 Santiago de Compostela